

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Outubro - Novembro - Decembro 2009]

130 ANOS DO DIQUE DA CAMPÁ
130 ANOS DE ATENEO
ANDRES AVELINO COMERMA
POLO MEDIO

XUNTA XERAL ORDINARIA

Ferrol do XIX: diversión e vida cotiá

A *Casa de Serantes*

nº 35

30 anos sen Blanco Amor | Radio FilispiM | Mario Benedetti | Plataforma "Queremos Galego" | Sobre a rehabilitación do Ateneo

ademais: SERVIZOS, CONVOCATORIAS ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

25 NOVEMBRO.
DÍA CONTRA A VIOLENCIA ÁS MULLERES



Spela Trobec ______ Na imaxe a DOLORES que presenta esta artista eslovena afincada en Ferrol.

As estatísticas de violencia doméstica empeoran cada ano. A instalación "DOLORES" está baseada nestes datos e mostra o dano que producen os maltratos. Está presentada con acumulación de monecas que teñen o mesmo tamaño, forma e cor.

Todas se chaman *Dolores e* cada unha está realmente ferida polo artista. Cada unha é o símbolo que representa a morte da muller por violencia machista. Un ano de violencia representa aproximadamente 200 monecas colgadas na parede. A parede de *Dolores* – a parede da dolor.


O ritmo da instalación é moi similar ás cruces brancas nos cemiterios de guerra. A cruz é anónima, só que en vez de ser branca é vermella – símbolo do sangue, cor da rabia, da vida esgazada, da guerra perdida ou da ferida que non ten tempo de pecharse ...

Estas *Dolores* mirando ao espectador están lembrándonos que a violencia é cosa de toda a sociedade. Onde empeza a violencia? Cada un de nós coñece a alguén que é vítima da mesma. As monecas son testemuña da realidade e a instalación será un memorial á violencia machista en 2009.

O proxecto de Séverine Bourguignon, realizarase neste mes de novembro en París no que participarán artistas de todo o mundo...

DOLORES





ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán

Nº 35

Outubro-Novembro-Decembro 2009

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
secretaria@ateneoferrolan.org

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS E REALIZACIÓN:
Leandro, Juan de la Fuente, Ateneo Ferrolán

COLABORACIÓNS:
Luis Puig Mosquera, Carlos Castro Pinhão, Ana Martín García, Manolo Rei, Fernando Dopico Blanco, Spela Trobec

PATROCINA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, VIAJES PACO, RUN-RUM

root:~# make xlaf

XORNADAS GNU/LINUX

Outubro: 28 e 30 de 17:00 a 21:00, 31 de 10:00 a 14:00

{PROGAMA}

organiza:



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

colabora:





Día 28: sen medos que é libre

> GNU/Linux: O proxecto GNU e o kernel Linux.
> Software libre: filosofía e licenzas libres.
> A comunidade: grupos de usuarios e participación.
> Vantaxes e compatibilidade: en ocasións non todo funciona.
> Distribucións: a variedade está chea de posibilidades.
> Entendendo GNU/Linux: usuarios, grupos, permisos, sistema de ficheiros, carpetas...
> Escritorios: Gnome, Kde e moitos outros...
> Recursos en rede: Descarga, instalación e actualización.

Día 30: festa de instalación

> Trae a túa computadoradora e un cable de rede e instala GNU/Linux compartindo espazo con windows ou mellor aínda, instala soamente GNU/Linux.
> Se non podes traelo, podes ver e aprender a instalalo.

Día 31: máis a fondo

> Instalación de aplicacións e repositorios.
> Libre ou non libre: codecs, drivers e engadidos.
> Aplicacións e equivalencias libres: ofimática, redes, gráficos, multimedia, xogos... e todo o que precises.
> Configuración de redes con e sen fíos.
> Emuladores e máquinas virtuais.



Na vida de toda cidade hai momentos que deben destacarse, e desde logo celebrarse. Ocorre –en ocasións– que se unen acontecementos, dándose coincidencias que dalgún modo nos marcan e engrandecen.

No número anterior da revista Atenea, aparecía na súa portada e páxinas interiores a conmemoración do 130 aniversario do Ateneo Ferrolán.

Se en maio de 1879 se producía a creación do Ateneo, en xullo dese mesmo ano inaugurábase o *Dique de la Campana*, que é a construción hidráulica máis importante de España no S. XIX.

O dique será unha obra que asombrará a toda Europa, pola súa grandiosidade e a perfección na súa construción.

Se hoxe destacamos estes dous feitos históricos é porque teñen unha relación íntima, non só no acontecer da cidade, senón tamén desde un punto de vista máis afectivo, especialmente para nós, e de aí esta homenaxe. Homenaxe a D. Andrés Avelino Comerma i Batalla, Xeneral de Enxeñeiros da Armada, nado en Valls (Tarragona) en 1842.

Será o Ateneo o lugar onde o Xeneral Comerma, e outros destacados ferroláns, como Victoriano Novo e Víctor López Seoane traten de revitalizar a cultura, na súa primeira etapa. É, sen embargo, na segunda etapa do Ateneo –a partir de 1903– cando a actividade cultural será máis ampla; trátase sobre todo de establecer unha comunicación intelectual entre a burguesía e o proletariado.

Este período de 1903 a 1907 será presidido por Andrés A. Comerma, acompañado por ilustres ferroláns como Nicolás Fort y Roldán, ou Rodrigo Sanz, entre outros.

Toda esta intensa actividade verase proxectada na edición dos *Anuarios de debates y conferencias del Ateneo*, que reflicten todo o pensamento da época en asuntos científicos, literarios, políticos, sobre a educación...

Hoxe 130 anos despois, **de 1879 a 2009,** o Dique da Campá séguenos a asombrar e o Ateneo Ferrolán continúa aberto a toda a cidade nun edificio emblemático, na mesma rúa onde o Xeneral Comerma tiña a súa casa e desde onde case se pode ver o seu Dique.


Esperamos seguir celebrando moitos aniversarios nesta cidade, con toda a cidadanía e coa esperanza de que sempre se conserven estes dous magníficos exemplos do patrimonio científico e cultural, ... que é de TOD@S.

Ateneo Ferrolán

O Xeneral Comerma, constrúe en Ferrol, o Dique da Campá, e ademais en 1879 é o Presidente do Ateneo.

AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA

PRENSA DIARIA: local, nacional e estatal	*Diario de Ferrol · La Voz de Galicia · De Lunsavenres · La Opinión de A Coruña · El País · El Mundo · Galicia Hoxe · Xornal de Galicia · A Nosa Terra · Público*




Anuario da Gaita. Nº 23
Ed. Escola Provincial de Gaitas. Deputación de Ourense
D.L.: OU-92/98

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA **BIBLIOTECA,** O CATÁLOGO INFORMATIZADO QUE PODEN CONSULTAR NA DIRECCIÓN SEGUINTE:


www.opacmeiga.rbgalicia.org



Cátedra. Revista eumesa de estudios. Nº 16
Ed. Concello de Pontedeume
ISSN: 1133-9608




Cadernos Ramón Piñeiro. Nº XIII
Ed. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. Xunta de Galicia
ISBN: 978-84-453-4804-8



Columba. Revista cultural. Nº 9
Ed. Asociación Cultural Columba
D.L.: C-2408-2005


Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 450 cabeceiras coas que contamos

Agradecementos: Juan Conde Roa - Consorcio de Santiago de Compostela, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Centro Ramón Piñeiro, Fundación 10 de Marzo



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA


DENTRO DO PROXECTO QUE LEVAMOS A CABO COA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA PARA A POSTA EN VALOR DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN, POÑEMOS A DISPOSICIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DA MESMA 3 ORDENADORES, DESDE OS QUE PÓDENSE FACER AS CONSULTAS DO CATÁLOGO DOS FONDOS, CONSULTA DA PRENSA DIXITALIZADA E ADEMAIS CONTAMOS CON CONEXIÓN WIFI.



Astano. A empresa, a comisión obreira e a conflictividade (1941-1977)
Leonardo Rei Castro
Ed. Fundación 10 de Marzo - Concello de Fene
ISBN: 84-8408-234-2



Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito
Henrique Monteagudo
Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza. ISBN: 978-84-95892-73-7



Historias de Ferrol en guerra (1936-1939)
Lucas Molina y Rafael Permuy
Ed. Galland books
ISBN: 978-84-937266-4-5



Santiago, 1909. Centenario da exposición rexional galega
Henrique Alvarellos
Ed. Alvarellos y Consorcio de Santiago
ISBN: 978-84-89323-33-9



Segura Torrella
Ramón Codina Bonet
Ed. Deputación provincial da Coruña
ISBN: 978-84-9812-101-8

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA


FILMOTECA

que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA

30 ANOS DE HISTORIA (8)









O día 24 de outubro celébrase o
DÍA DA BIBLIOTECA

Desde o Ateneo Ferrolán unímonos á celebración.

Porque o Ateneo Ferrolán desde a súa fundación, hai 130 anos, sempre tivo Biblioteca.


Hai xa 23 anos que a Biblioteca - Hemeroteca do Ateneo Ferrolán está situada no mesmo lugar, o magnífico edificio do s. XVIII, que a través do «Legado Carvajal» chegou á cidadanía de Ferrol.

En 1986 –o mércores día 10 de decembro– a nova sede do Ateneo Ferrolán era inaugurada.

Nestes anos a Biblioteca-Hemeroteca evolucionou, ampliando os seus fondos, mellorando os seus servizos e adaptándose ás novas tecnoloxías, abríndose ao mundo e ao futuro.


A través das imaxes mostramos como evolucionamos, desde os inicios das obras, a inauguración, pasando por diversas transformacións, até a actualidade, onde a colaboración e o proxecto coa Fundación Pedro Barrié de la Maza, permítenos ofrecer aos usuarios as novas tecnoloxías.

Seguimos traballando para mellorar.











Eduardo Blanco Amor
1897, Ourense - 1979, Vigo

http://www.prazadasletras.org/

EDUARDO BLANCO AMOR

TRINTA ANOS DA SÚA MORTE

Narrador, poeta e dramaturgo, Eduardo Blanco Amor naceu en Ourense no ano 1897.

Tivo unha infancia marcada pola separación dos seus pais e por unha saúde débil. De formación fundamentalmente autodidacta, a asistencia ás clases de Vicente Risco parece determinante na súa vocación de escritor e na súa vontade de universalización da cultura galega. Desde moi novo comezou a traballar de periodista, profesión que desenvolveu ao longo de toda a vida, xunto co seu labor como conferenciante, animador cultural ou profesor.

Con vinte anos decide emigrar a Bos Aires e alí toma contacto cos grupos galeguistas que se movían na vida cultural da cidade. De mediados dos anos 20 do século pasado son as súas primeiras colaboracións no diario *La Nación*.

A comezos da década dos trinta, publicáronse os seus primeiros libros *Romances galegos*, de corte modernista e *Poema en catro tempos*, encadrado nunha estética ligada á obra de Manuel Antonio. Desde Bos Aires colaborará logo coa revista *Nós*, onde publica varios poemas e algúns capítulos dunha novela que non chegou a terminar, *A escadeira de Jacob*.

Emigrante que pasou a ser exiliado, Blanco Amor desenvolveu nos anos da guerra civil española unha actividade periodística intensa a favor da lexitimidade republicana.

Xa sendo autor de poesía e de narrativa e dunha ampla produción periodística en castelán, regresa ao galego coa obra poética *Cancioneiro* (1956) e en Bos Aires publicouse no ano 1959, logo de varios intentos da editorial Galaxia por sacala en Galicia, truncados pola censura, a novela *A esmorga*, obra cume da súa produción e fite na narrativa pola súa innovación técnica e temática.

Nos primeiros anos da década de 1960 volve a Galicia, onde se publicaron as súas novas achegas narrativas e teatrais. Primeiro o libro de relatos *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972, censurada; 1976, completa). No ano 1961 accedeu a unha cadeira da Academia Galega, fixou a súa residencia en Vigo e comezou o seu traballo en *Faro de Vigo*.


E se en Bos Aires fundara e dirixira o Teatro Popular Gallego, dedicará os seus últimos anos á escritura teatral, con títulos como *Farsas para títeres* (1973), *Teatro para a xente* (1974) e *Proceso en Jacobusland* (1980) nos que se ve unha vontade estilizadora dun teatro popular mediante a recorrencia ao cómico e un enfoque máis amable pola vía lírica.

Blanco Amor faleceu en Vigo en 1979, nun tempo no que a narrativa galega perdeu as que foran grandes voces que viñan de antes da guerra: Cunqueiro, Fole, Otero... ; o noso personaxe está enterrado en Ourense, no cemiterio de San Francisco.

O autor das novelas *Xente ao lonxe* e *A esmorga* ten hoxe un espazo non discutido no noso canon literario. Ademais de narrador, foi poeta, escribiu teatro e traballou como periodista. Pertencente á xeración que viviu a guerra e o exilio, foi na década de 1970, de volta en Galicia, onde se converteu nun dos mestres da narrativa.

No ano 1993 Eduardo Blanco Amor foi homenaxeado co Día das Letras Galegas

O día 3 de abril, vai alá medio século, desde a publicación na Arxentina de *A esmorga*, 1959







VII EDICIÓN DO FESTIVAL «FERVESTEIRO»

SETEMBRO 2009
Ferrol

MURAIS REIVINDICATIVOS POLA RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO BARRIO DE ESTEIRO





Fotos de Manolo Rei









PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO

Proposta de iniciativa lexislativa popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos

www.queremosgalego.org

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 5.º que «a lingua propia de Galicia é o galego» e que «os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar».

Para facer efectivos estes dereitos a lei sinala que «os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento», acadando así que ninguén sexa «discriminado por causa da lingua».

A pesar do sinalado nesta norma, a realidade é que a lingua propia do país continúa sen ter garantida a presenza mínima do seu recoñecemento de oficialidade hai tres décadas, situándose a súa posición pública e institucional lonxe do mandado estatutario. Así, está ausente de boa parte da documentación e sinalizacións públicas, o dereito a recibir atención neste idioma carece de garantías reais e o sistema educativo non só non garante as competencias lingüísticas suficientes en galego, senón que incide no abandono do galego por parte de moitas nenas e moitos nenos.

Para rematar con este incumprimento estatutario é necesario que o Goberno galego adopte medidas para romper con esta situación tan inxusta e avanzar na normalización. As galegas e os galegos teñen que ter garantido o dereito a poderen vivir con normalidade na súa lingua na súa terra, sen discriminacións de ningún tipo, como prevé o Estatuto de autonomía no art. 5.

A liberdade das persoas que integran a sociedade galega só poderá ser efectiva cando o Poder Público dispoña os medios no sistema educativo para que todos e todas coñezan axeitadamente o galego e a Administración estea en condicións de dispensar os seus servizos na nosa lingua.

A Administración debe cumprir ademais o deber de fomento do uso do galego na vida pública para que mediante a súa visualización a lingua propia acceda a ámbitos institucionais e privados dos que tradicionalmente estivo excluída, transmitindo a mensaxe á sociedade de que a nosa lingua é válida para calquera situación da vida diaria. Cúmprese así co deber constitucional previsto no art. 9.2. da Constitución española de crear as condicións para facer efectiva a igualdade das persoas, promovendo a lingua que está en condicións de desvantaxe social –como amosa a evolución dos Mapas sociolingüísticos elaborados pola Real Academia Galega–, fundamento das leis protectoras e fomentadoras do galego.

Estas medidas teñen que ir no camiño dos consensos acadados nestes anos, como a aprobación en 1996 da Declaración universal de dereitos lingüísticos, a ratificación en 2001 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, monitorizada polo Consello de Europa, e a aprobación en 2004 do Plan xeral de normalización da lingua galega.

TÍTULO ÚNICO

Artigo 1.- O Goberno galego, en cumprimento da obriga estabelecida no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, fará plenamente efectivos os dereitos das galegas e dos galegos a utilizaren o idioma propio do país.





PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO!

Artigo 2.- O Goberno galego garantirá que toda a sinaléctica, información e documentación administrativa que reciban os cidadáns e as cidadás en todos os ámbitos administrativos da Xunta, ou en calquera ámbito participado por ela, incluídas todas aquelas entidades xurídicas que prestan servizos dependentes daquela, estean en galego.

Artigo 3.- O Goberno galego garantirá que todos os seus servizos, e os de calquera entidade participada por el, incluídas todas aquelas que os prestan dependendo da Xunta, serán prestados en galego a todos os cidadáns e cidadás. O persoal das entidades dependentes da Xunta ha tomar a iniciativa dirixíndose e manténdose en galego cara ao público, coa excepción daquelas ou daqueles que soliciten seren atendidos en castelán. Así mesmo, todos os cargos públicos e os dos organismos e entes autonómicos, sociedades públicas e institucións dela dependentes farán uso público, tanto oral como escrito, de xeito sistemático, da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade.

Artigo 4.- O Goberno galego garantirá que o dereito a usar e recibir información, documentación etc na lingua propia do país non supoña ningún tipo de discriminación, demora na prestación do servizo ou deturpación lingüística por parte da Administración galega ou os seus representantes.

Artigo 5.- O Goberno galego adoptará as medidas necesarias para garantir o dereito a recibir o ensino en galego por parte de todo o alumnado ao menos nun 50% do horario escolar en cada curso en todas as etapas educativas, de acordo co sinalado no Plan xeral de normalización da lingua galega.

Disposición Transitoria.- O Goberno galego deberá adoptar cantas medidas sexan precisas para lle dar cumprimento ao disposto nos artigos 2 e 3 nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición Final.- A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



CONVOCATORIA
ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o mércores día 16 de decembro ás 19,30 horas en primeira convocatoria e ás 20 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.
2.- Informe de xestión da Xunta Directiva saínte.
3.- Informe económico da Xunta Directiva saínte
4.- Rogos e preguntas
5.- Elección da nova Xunta Directiva

O proceso electoral rexiráse polo establecido no Capítulo XI dos Estatutos segundo o seguinte calendario:

5 de novembro
Convocatoria de Eleccións

9 de novembro
Último día para posible impugnación da Convocatoria de Eleccións

12 de novembro
Último día para Constitución da Mesa Electoral

23 de novembro
Último día para presentación de Candidaturas

27 de novembro
Último día para proclamación de Candidaturas

30 de novembro
Inicio da Campaña Electoral

16 de decembro
Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria
Elección da nova Xunta Directiva

No período da Campaña Electoral (entre os días 30 de novembro e o 14 de decembro) tódalas Candidaturas poderán utiliza-lo Censo de Socios/as, así como dispoñer das dependencias do Ateneo Ferrolán para desenvolve-la súa campaña.

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,

Ferrol 26 de outubro de 2009
Asdo.- ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente





URBANISMO ANUNCIA QUE A REHABILITACIÓN DO ATENEO SAIRÁ DE INMEDIATO A CONTRATACIÓN


10/9/2009 [Varios medios de comunicación]

O edil de Urbanismo, Ángel Mato, anunciou onte que o próximo luns (14.09.09) levarase a Xunta de Goberno o proxecto para rehabilitar el Ateneo Ferrolán. Segundo explicou, o proxecto para recuperar o inmoble, firmado polo prestixioso arquitecto Alfredo Alcalá, prevé un investimento de algo máis dun millón de euros. Os traballos, que comezarán «o antes posible», teñen un prazo de execución de quince meses.

O edil subliñou que a rehabilitación, que tamén se fará extensiva ao inmoble lindeiro, respectará «na medida do posible a personalidade» dos inmobles, que contan co máximo grado de protección polo seu valor patrimonial.

Nese sentido, Mato explicou que o proxecto foi revisado pola comisión de seguimento do Plan Especial de A Magdalena, que introduciu algunhas modificacións en cuestións de iluminación, nalgúns ocos previstos na cuberta do inmoble e na conservación das escaleiras do almacén.

Segundo as previsións do edil, o edificio estará en obras o que queda do 2009 e na práctica totalidade do próximo año, senón xorden imprevistos.



MORREU MERCEDES SOSA, A VOZ DE AMÉRICA LATINA

A Negra, a cantante folclorista de América Latina por excelencia, Mercedes Sosa, morreu este domingo día 4 de outubro de 2009.



Haydé Mercedes Sosa, naceu o día 9 de xullo de 1935 na cidade de San Miguel de Tucumán. Con 74 anos de idade e unha traxectoria de 60 anos, transitou diversos países do mundo, compartiu escenarios con innumerables e prestixiosos artistas, e deixou ademais, un enorme legado de gravacións discográficas.

A súa voz levou sempre unha profunda mensaxe de compromiso social a través da música de raíz folclórica, sen prexuízo de sumar outras vertentes e expresións de calidade musical.

O seu talento indiscutible, a súa honestidade e as súas profundas conviccións deixan unha enorme herdanza para as xeracións futuras. Admirada e respectada en todo o mundo, Mercedes constitúese como un símbolo do noso acervo cultural que nos representará por sempre e para sempre.

Se cadra, as palabras da súa entrañable amiga, Teresa Parodi, resuman o sentimento de moitos:

«…Mercedes, salmo en los labios
amorosa madre amada
mujer de América herida
tu canción nos pone alas y hace que la patria toda
menudita y desolada no se muera todavía,
no se muera porque siempre cantarás en nuestras almas…»



O MESTRE DEIXANDO PEGADAS

XAIME CAGIAO (1959-2009) foise con discreción, mais no Ateneo Ferrolán lembrámolo a través dese Teatro e dos nosos Xoves Teatrais!





O quinto curso radiofónico, 2009/2010, da radio libre e comunitaria de Trasancos está a piques de comezar. A nova programación comezará a emitirse oficialmente o xoves 1 de outubro de 2009.

Rádio FilispiM, 93.9 FM, é unha radio sen ánimo de lucro integrada no 3º sector da comunicación: o da cidadanía.



RÁDIO FILISPIM, ABRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS PARA A SÚA NOVA GRELLA DE PROGRAMAS

PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS. Para poder realizar o teu programas debes enviar a túa proposta **antes do sábado 19 de setembro** a filispina@gmail.com. Se xa es membro do colectivo **Opaíí!-Rádio Filispim**, lembra que debes ter as cotas ao día, requirimento indispensábel para darlle continuidade a túa proposta radiofónica.

SESIÓN VERMÚ. Por outra banda o sábado 31 de outubro haberá unha sesión vermú presentación da nova grella, no Ateneo Ferrolán. En breve darémoste máis información desta festa.

VINDEIRA ASEMBLEA. Por outra banda, a vindeira asemblea preparatoria da tempada de **Rádio FilispiM**, será o sábado 19 de setembro, coincidindo co fin de prazo de presentación de propostas radiofónicas e aboo de cotas pendentes.

EN REDE. Este novo curso radiofónico, o colectivo re-editará a colaboración con outras radio de Galiza, Estado e resto do mundo, ao través da difusión de propostas coma Nosotras en el mundo, Mapamundi o informativo Más Voces, Marca Branca e outros moitos espazos de diversa temática de radios irmás de todo o mundo.

Destacar o intercambio de programas que FilispiM de Ferrol e Rádio Piratona de Vigo comezaron a pasada grella, abrindo un camiño recollido no ideario da **REGARLIC**, **Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias**, da que Rádio Filispim e membra xunto a Radio Kalimera de Compostela, Radio Clavi de Lugo, Cuac FM de A Coruña, Radio Roncudo de Corme e Radio Piratona de Vigo. Participa!!!!!

RÁDIO FILISPIM, 93.9 FM
A RÁDIO LIVRE E COMUNITÁRIA DA TERRA DE TRASANCOS EMITINDO DENDE FERROL.
HTTP://WWW.OPAII.BLOGSPOT.COM



MARIO BENEDETTI



NADO O 14 DE SETEMBRO DE 1920 EN PASO DE LOS TOROS (URUGUAI)

FALECEU O 17 DE MAIO DE 2009 EN MONTEVIDEO.

Nesta mesma Revista, na Sección «O Parnaso» ofrecemoslle o noso máis sentido homenaxe con algúns dos seus poemas



FALLO VII CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL «ATENEA 2009»

O Xurado do **VII Certame de Teatro Infantil e Xuvenil «Atenea 2009»**, que organiza o ATENEO FERROLÁN, co patrocinio de CAIXANOVA

ACORDA:
Conceder os Premios desta edición aos seguintes Grupos

- GRUPO MELANDRAINAS de ARTEIXO (A CORUÑA)
- GRUPO CEIP CRUCEIRO DE CANIDO de FERROL
- GRUPO CEIP ATIOS de VALDOVIÑO
- GRUPO CEIP XESUS MAESTRO de FERROL
- GRUPO ASOCIACIÓN OS AMIGOS «ARCO IRIS» de VALDOVIÑO
- GRUPO IES TEIS de VIGO (PONTEVEDRA)
- GRUPO CARMEN POLO de FERROL

Todos eles recibirán un premio, de igual cuantía, por un total de 250 Euros, doados por Caixanova, **ACTO** que terá lugar no mes de OUTUBRO coincidindo co reinicio do curso escolar onde presentaranse tamén as Bases para o VIII Certame do ano 2010.

O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos alcanzados por parte de tódolos grupos participantes, dentro das grandes diferenzas de medios económicos e humanos e, moi especialmente naqueles colexios onde se conseguiu ese compromiso e unidade no traballo da comunidade escolar.



Obstáculos educacionais para a saída da marxinalización na periferia dunha megacidade

CRONICAS: ENSINO PÚBLICO NA FAVELA (2)

À Vera, sua família e á Cíntia, que com seu esforço lutam por melhorar as condições de alunos favelados; a moitos trabalhadores honestos e competentes da DSul-3; ao Carlos Antônio, ao Valdemar, ao Tiquinho e à Petu, entre outros, que sofreram, e sofrem, a ineficácia de um sistema porque não têm "grana"; e ao Gordinho, in memoriam.

por Carlos Castro Pinhão

«Se algo não der certo a cabeça do diretor é que rola».

Mil veces escoitei esa frase, podería ser a lenda que se colocara na entrada de calquera escola como o aviso escatolóxico de dar imposibilidade ao erro. De habelo, nunca sería aplicado o sentido moderno do dereito para a individualización da pena e do delincuente. A culpabilidade vaise centrar, exclusivamente, no director ou directora do centro.

Unha das primeiras falencias ou carencias que se atopan na rede de ensino brasileiro aparece na figura do máximo responsable da escola. Ser director nas escolas do estado de São Paulo significa ter a vaga de profesor dunha materia en propiedade, anos de traballo na rede que equivalen a un número de puntos, e a vontade de se presentar ao cargo. Calquera profesor que dispoña deste perfil pode ser, dentro da *Diretoria de Ensino Regional* á que estea adscrito, para o noso caso a *DSul-3*, director nalgunha das 107 escolas estaduais da área. Non se precisan coñecementos específicos para o cargo. No fondo, o director é un incauto ou un irresponsable. No externo, un *bode*, o chibo expiatorio nun sistema que precisa nominalizar os seus erros. É incauto ou irresponsable porque coñece as carencias das escolas, compartiu a psicoloxía dos profesores e malia que coñece todo isto, atrévese a afrontar o reto. Asumir a dirección dunha escola non leva aparellado un curso de formación, non se ensina desde as DE a xestionar grupos humanos nen recursos materiais. Despois de ter falado con varios, contan que acaban «queimados», con frustracións existenciais, incapaces de mudar o entorno, ou en procesos inculpatorios por presuntos roubos de diñeiro público, que nalgúns casos son realmente certos. O máis que atopei foran directores aos que o cargo non só lles outorgaba a responsabilidade propia do mesmo, se non que, por incrible que poda parecer, motivábaos a enfiar a man na carteira para colocar o seu diñeiro na escola e que veciños desfavorecidos poideran comer, para os alumnos teren unha festa comunitaria, ou para iren de excursión ao zoolóxico ou ao *Play Center* -o parque de atraccións perto do sambódromo de Anhembi- na parte centronorte da cidade, a case dúas horas do Grajaú. A maior parte deses alumnos nunca, até esas excursións, chegaran alén do Terminal Varginha, a estación de autobuses máis próxima da favela, a un cuarto de hora da escola. Ollei varias veces como -ás agachadas da familia- a miña directora facía iso; eu fun unha tarde con ela e a súa principal colaboradora ao barrio do Brás, á macrofeira permanente máis importante da cidade á que se achegan xentes de todo o país, a comprar co seu diñeiro presentes para que os meninos da favela tiveran un brinquedo de Nadal, ou encomendar pola súa conta *pão de metro* ou *ovos de Páscoa* e *refrigerantes* para as festas infantís da escola. Cando un director chega ao seu cargo ten que asumir todas as responsabilidades, incluso as que non lle son propias. Coñecín o caso dunha responsable do PDDE que obrigaba a unha directora nova a pagar, baixo ameazas de procesamento, 1.000 reais do seu propio diñeiro por unha conta non xustificada da anterior no cargo. Pouco antes de eu regresar, dúas directoras de esco-



las próximas faleceran por súbitos ataques ao corazón. Os directores acostuman ter dous grandes inimigos: o supervisor de ensino e o coordinador pedagóxico.

O supervisor de ensino, figura dependente das DE, está obrigado a visitar un número determinado de escolas ao seu cargo para comprobar que todo vaia ben. Foi creado para ser o asesor do director, aquel que substitúe a falta de formación específica do director que chega ao desempeño da súa función. Sen embargo, o supervisor acaba pasando a maior parte do tempo na DE, e no final só acude cando se produce algunha denuncia. Hai que entender que ninguén queira correr o risco de entrar nunha favela para unha simple inspección de escola. O supervisor acaba sendo entendido polos directores unicamente como o fiscalizador da súa xestión, a acción do supervisor na escola é pervertida no seu exercicio, vólvese como un policía e xuiz, en primeira instancia, dos defectos da escola, ademais de deixarse asesorar polos coordinadores pedagóxicos, que até hai pouco sobrepasaban as súas funcións estritas e se volvían fiscais da xestión económico-administrativa do centro. Un mal supervisor pode acabar atrapallando o de por si dificultoso traballo diario pedagóxico e administrativo e o futuro laboral dos estudantes xa formados. Polo menos, dúas veces por curso, o supervisor debe revisar a documentación dos alumnos concluíntes do Ensino Fundamental e do Medio e os semestrais do EJA. Cada vez que un alumno chega ao remate deses períodos, desde a Secretaría da escola, recibidas as cualificacións, ábrese un programa informático no que se coloca a situación de cada un deses educandos no mesmo. É unha garantía oficial sobre a condición académica dos cidadáns para que, sobre todo as empresas, comproben os estudos dos seus posibles funcionarios, aliviando as lentas tramitacións e lagoas da burocracia escolar. Unha vez feito iso, a segunda fase obriga á visita do supervisor para comprobar que a escola ten en orde a documentación completa do alumno e para conferir a conclusión do suxeito no libro de actas asinado polo titor e o coordinador pedagóxico. O supervisor reconfirma a situación de cada un dos concluíntes preenchendo a documentación correspondente no programa do Goberno, encomendando a mesma ao Dirixente, que pecha o proceso co seu visto bo. Nunca, no case decenio de vida da escola, ningún supervisor apareceu por alí para cumprir esa obrigación. Varias veces, alumnos concluíntes doutros anos, pasaban pola Secretaría para reclamar a posta en día da súa situación que lles permitise presentase a traballos que precisaban a conclusión do equivalente ao noso bacharelato. Nós levábamos as carpetas destes alumnos na DE para que, especificamente, fosen cumprimentados eses procedementos con eles. Dúas veces, en quince meses, a supervisora da nosa escola obrigounos a ter preparados para a súa revisión os expedientes de arredor de setecentos alumnos fóra dos arquivos, clasificados por clases e anos de conclusión, pero finalmente nunca o fixo. Pola contra, e sen se interesar por aquilo, foi catro veces inspeccionar posibles falencias da escola despois de encamiñar á DE dúas denuncias da coordinadora pedagóxica do período diurno sobre as condicións da cociña e sobre un presunto mal uso do subsidio do PDDE, que case provoca unha situación de *sindicância*, é dicir, a apertura dun expediente disciplinario contra a directora e a súa destitución. Por causa diso, a administración da escola estivo case parada durante un mes preparando un dossier duns setenta documentos e case duascentas páxinas no que se mostraba cada movemento na conta, avaliados polas asinaturas de tres persoas, e unha conta de recursos propios que por primeira vez, no 2007, fora creada na escola. O mesmo, entregado á supervisora e ao Dirixente, tivo unha sentenza favorable á dirección da escola en xaneiro de 2008. Sorprendentemente, a cousa xulgada quixo ser rexulgada en abril, pero a documentación custodiada na *Delegacia de Ensino Regional Sul 3* fora extraviada. Polo tanto, non houbo máis resolucións. A supervisora foi deposta no seu cargo en xuño de 2008 e o Dirixente só aguantou sete meses máis.

«Deixei de ser branca para ser franca».

O coordinador pedagóxico ten unhas funcións definidas. É a cabeza dun proceso de acción directa co alumno e a comunidade na que se mergulla. Forma parte do sistema educativo de forma proactiva, responsable, dinámica, intelixente, e debe ter habilidades para resolver problemas e tomar decisións. Nesa perspectiva precisa identificar as necesidades dos profesores e, con eles, encontrar solucións que prioricen un traballo educativo de calidade. Debe ir máis alá do coñecemento teórico pois -para acompañar o traballo pedagóxico e estimular aos profesores- ten que estar sensibilizado para identificar e percibir as necesidades de educadores e educandos, manténdose actualizado, buscando fontes de información e reflectindo sobre a súa práctica. É a reflexión sobre a experiencia o que pode provocar a produción do saber e a formación. Con ese pensamento aínda cómpre salientar que o traballo debe acontecer coa colaboración de todos. O coordinador debe estar preparado para as mudanzas e sempre disposto a motivar ao seu equipo. Dentro das diversas atribucións acompaña o traballo docente, sendo responsable do elo de unión entre os implicados na comunidade educativa. A relación entre o coordinador e o profesor é un factor seminal para a xestión. Iso desenvólvese con estratexias ben formuladas nas que o coordinador non pode perder o seu foco. Sempre ten que estar atento ao escenario que se presenta ao seu redor. O proceso nin sempre é feito con seguranza, pois as diversas informacións e responsabilidades, o medo e a dúbida, forman parte desa traxectoria; reflectindo sobre a súa propia práctica terá máis datos para superar os obstáculos e perfeccionar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Unha escola de favela é un campo sementado para que un coordinador desenvolva moitas das accións que se esperan del. Esa filosofía de integración entre todos os elementos do proceso, dos que se fala no PDE, desde os pais até os profesores, en beneficio do alumno, forma parte do traballo do coordinador. Esta figura educativa resulta fundamental na xestión global dunha escola e determina os resultados e os beneficios culturais do alumno. A miña escola tiña dous coordinadores: Isabel Cristina Severino, no período diurno, e Hélio Ladim de Souza, no nocturno. Un coordinador pode acabar coa xestión global dunha dirección por dúas razóns:

- A mala xestión pedagóxica.
- O poder acumulado, extralimitando e desatendendo as súas funcións, amparado na despreocupación de supervisores escolares e dirixentes rexionais.



Os dous factores están ligados.

Un dos momentos no que o coordinador demostra a súa boa condición é nas *Horas de Trabalho Pedagógico Coletivo (HTPC)*. Todas as semanas se celebran varias reunións coa colectividade de profesores nas que son analizadas as dificultades diarias, toman decisións para mellorar o rendemento de alumnos con expediente insuficiente, intelectual e disciplinario, e encamíñanse os contactos que sexan precisos cos pais dos alumnos, ademais de elaborar actividades de integración do alumno e a escola co seu contorno de favela. Só co coordinador do nocturno, dábase algo disto, o que provocaba un distanciamento entre el e a masa do profesorado, pouco implicada no proceso educativo e con deficiencias de coñecemento sobre as propias materias que ensinaban.

A coordinadora pedagóxica do período diurno actuaba como noutras escolas, exercendo unha influencia sobre os profesores desproporcionada, creando una pequena rede de corrupción, en conivencia -neste caso- cunha das bedéis, que permitían as faltas de profesores afíns, que non eran contabilizadas para eles non perderen a totalidade do salario mensal e seguiren gañando puntos na rede. Esta coordinadora levaba exercendo a seu labor desde a fundación da escola. Fora expedientada coincidindo coa saída no *camburão* (coche da policía) da primeira directora que tivera o centro uns anos atrás. A directora substituta saíu, despois de dous anos, aborrecida da súa función pola imposibilidade de establecer unhas condicións mínimas de traballo diante das continuas novas denuncias feitas por esta coordinadora pedagóxica sobre a hixiene e a xestión de recursos, que non puideron ser demostradas. A terceira coordinadora -ao mes de ter asumido o cargo- xa tiña a primeira denuncia por, máis unha vez, mala xestión de fondos públicos, cando nin sequera tinha asinado o primeiro talón.

Este período foi o que eu vivín directamente. Nunha reunión na DE asistín á reclamación feita ao Dirixente pola maior parte dos 107 directores de escolas da *DSul-3*, para que se puxese fin á impunidade de denuncias falsas que xeralmente tiñan por detrás aos coorienadores pedagóxicos, cuxo obxectivo non era outro que paralizar o funcionamento das escolas aproveitándose da deixadez da *Diretoria Regional de Ensino*. No meu período houbo até catro denuncias feitas por esta coordinadora, que conseguiu arruinar a traxectoria de dúas vice-directoras, dimitidas e frustradas diante da falta de apoio da supervisión.

Un escrito valorativo da propia supervisora, na altura na que a escola foi investigada severamente, non fixo mención, nin desenvolveu investigación, sobre a desaparición misteriosa do libro de actas das HTPC, na que se involucraba á coordinadora pedagóxica (ese libro só pode saír da escola por requeremento xudicial); logo de pesquisas sobre os contidos desas HTPC, concluiu informando que aquelas «só *tinham «fofoca» e nada de pedagógico»*. Tampouco deu noticia sobre o ingreso de diñeiro cobrado aos alumnos para unha excursión no primeiro trimestre de 2007, na conta da propia coordinadora, irregularidade descuberta inxenuamente por ela mesma ao devolvelo nun cheque con número da súa conta bancaria. O feito foi probado a través da entrega á supervisora da fotocopia do talón. Esta acción podería levar á expulsión da coordinadora da rede. Cada vez que esta funcionaria xustificaba os seus comportamentos agresivos coa dirección e cos profesores acostumaba a falar, para mostrar a súa honorabilidade, a frase racista *«deixei de ser branca para ser franca»*, sen dúbida, unha expresión primaria e pouco construtiva dentro de calquera comunidade, e máis nunha educativa. Malia súa desafortunada e reiterada frase, nunca chegou a convertir en especial para a convivencia na escola unha das xornadas de maior simbolismo para a comunidade afro-brasileira, o *«Dia da Consciência Negra»*, celebrado os 20 de novembro, data da morte, no 1695, do *Zumbi dos Palmares*, *«o líder negro de todas as raças»*, como reza a lenda do seu busto en Brasilia, dedicado á reflexión sobre a integración do negro na sociedade do país e, por extensión, contra calquera forma de escravitude e explotación. Non só carecía de creatividade para organizar xornadas deste tipo, se non que tamén quixo paralizar na nosa escola unha das máis populares de carácter estadual, o *«Agita Galera»*, a actividade intercentros e comunitaria das escolas paulistas.

Logo de distintas e xeralizadas reclamacións por parte das direccións de escolas, as DE iniciaron un proceso de conscienciación para mudar o comportamento dos coordinadores reducíndoos só á súa área estrictamente educativa.

Como co caso dos directores, tampouco hai unha formación específica para desenvolver este cargo de «irmán maior dos profesores». En xeral, puiden percibir que grande parte do pobo gusta máis de ser ben tratado que de resolvérenlle as cousas eficazmente. En definitiva, o formal domina sobre o real. Tal vez por iso acontece tanto que os cargos sexan ocupados por persoas carentes de formación e eficacia nas escolas, o que se agrava cando non hai vontade de mellorar ou, o peor, cando hai unha contravontade. Ao sentírense arroupados polas DE establecen un *tête a tête* cos directores, desatendendo as súas funcións.

Os coordinadores son profesores normais que optan a eses cargos nunha proba que non atinxe á capacitación persoal para desenvolver a función de xeito real. Unindo os requerimentos da función ás dificultades extras dos alumnos favelados, percibín que o exercicio desta función precisa, para volverse operativa, en escolas estaduais periféricas de favela, dun plus, ser unha persoa con coñecementos técnico-prácticos, mais tamén imaxinativa, implicada na acción social, con dinamismo cultural, coñecedora do barrio e das persoas, e que sexa capaz de ampliar o horizonte dos seus profesores e alumnos para que as limitacións educativas, materiais e sociais, non se reduzan ás paredes de lata do recinto. Debe de ter un contacto maior cos outros coordinadores pedagóxicos das escolas de zona para ampliar as accións colectivas que permitan un aporte, non necesariamente oficial, a través do coñecemento e experiencias que poidan ofrecer unha maior cantidade de profesores.

O coordinador, na situación de precariedade na que viven estas comunidades, debe ser moito máis vocacional, algo difícil de reclamar cando -nos casos que coñecín- non eran nin profisionais, perdendo máis esforzo en distanciar ao grupo de profesores das direccións e en crear desconfianzas por razóns administrativas, que en elaborar unha proposta educativa o máis sólida posible para beneficio dos nenos e adolescentes das favelas.



PROXECCIONS: CICLO MEMORIA HISTORICA

RELACIÓN DE DOCUMENTAIS
Todas as proxeccións serán ás 19 horas no Auditorio do Ateneo Ferrolán.

1º CICLO: IMAXES CONTRA O ESQUECEMENTO :

6 OUTUBRO
★ ESPAÑA ÚLTIMA ESPERANZA
Director : Karin Helml, Hermann Pesecks

13 OUTUBRO
★ MUERTE EN EL VALLE
Director : Christina Hardt.
★ LOS ALZADOS DE LA PALMA
Director : David Baute y Cirilo Leal

20 OUTUBRO
★ LA MALA MUERTE
Director : José Manuel Martín y Fidel Cordero

27 OUTUBRO
★ LA COLUMNA DE LOS OCHO MIL
Director : Ángel Hernández García, Fernando Ramos, Francisco Freire
★ LA MEMORIA ES VAGA
Director : Katie Halper

3 NOVEMBRO
★ PRESOS DEL SILENCIO
Director : Mariano Agudo y Eduardo Montero
★ UNA INMENSA PRISIÓN Carlos Ceacero y Guillermo Carnero Rosell.
España. 2005. 47 min. Color.
Director : Carlos Ceacero y Guillermo Carnero Rosell

10 NOVEMBRO
★ SANTA CRUZ .... POR EJEMPLO
Director : Günter Schwaiger y Hermann Peseckas

17 NOVEMBRO
★ LOS HEROES NUNCA MUEREN
Director : Jan Arnold

XOVES DÍA 19 NOVEMBRO -
AS MISIÓNS PEDAGÓXICAS (1931 - 1936)
Director : Gonzalo Tapia







MARTES DE CINE: CICLO MEMORIA HISTÓRICA

2º CICLO:
A MEMORIA RECOBRADA

En colaboración coa ASOCIACIÓN MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA
Todas as proxeccións serán ás 19 horas.

24 NOVEMBRO - Martes

Galicia, a tempestade do 36, onde **Manuel Rivas** aborda a rebelión militar en Galicia, unha das zonas de España onde mis cedo triunfou o golpe militar. Ao longo do percorrido polas terras galegas visítanse, entre outras localidades, A Coruña e Tui. Esta última poboación resistiu durante unha semana ás forzas rebeldes, que logo exerceron duramente a súa autoridade e poder contra os vencidos. **Manuel Rivas** inspirouse nalgunhas historias desta zona de Galicia para as súas novelas «A lingua das bolboretas» e «O lapis do carpinteiro». O percorrido inclúe tamén entrevistas con historiadores en escenarios que hoxe son idílicos e fai setenta anos eran terribles, como a ponte de Castuelo en Ourense, ou a Illa de San Simón, un antigo lazareto na Ría de Vigo onde foron internados miles de galegos, vascos e asturianos desde 1936.

3 DECEMBRO - Xoves

Os do monte, con **Manuel Gutiérrez Aragón** —director que en 1978 realizou **«El corazón del bosque»**, sobre os maquis do Norte—, é un regreso ao bosque, nesta ocasión para investigar, entre outras, a lenda de **Juan Fernández Ayala**, 'Juanín', un dos guerrilleiros cuxa vida nos montes recreou na súa película de finais dos 70. A historia de 'Juanín' permite facer un repaso polas fases da guerrilla, desde os «fuxidos» até os que non se quixeron retirar e acabaron en mans da Guarda Civil. O escritor **Julio Llamazares**, autor de «Luna de Lobos», tamén colabora neste episodio para mostrar nos montes de León, cerca de Riaño, refuxios e covas que permanecen intactos e aos que acceden as cámaras por primeira vez.

10 DECEMBRO - Xoves

Málaga, 1937, a estrada da morte, con **Juan Madrid**, novelista, historiador e guionista nacido en Málaga, conta a historia da toma de Málaga e a retirada republicana pola estrada da costa cara a Almería. No documental analízase a conquista de Málaga por tropas franquistas e italianas, a situación no interior da cidade e cómo se produce a que deuse en chamar «La desbandá». Non hai cifras fiables, pero fálase de que foron unhas cen mil persoas as que fuxiron. Esa columna, de varios quilómetros, foi bombardeada pola aviación e a mariña franquista, que non deixou de fustrigar aos que fuxían nos varios días que durou a marcha. Centos de mortos e feridos civís foron a consecuencia desas accións. Un dos personaxes que brillou con luz propia nesa fuxida pola estrada de Málaga foi o famoso doutor **Bethune**. O doutor **Bethune**, médico canadense, inventou un quirófano móbil, con plasma refrixerado, montado nunha ambulancia, que serviu para facer transfusións nos arredores da fronte e salvar así moitas vidas. Con esa ambulancia chegou a Almería e desde alí puxo rumbo a Málaga, cando se decatou da caída da cidade, para axudar aos miles de refuxiados que abarrotaban a estrada. Desde ese momento non deixou de facer viaxes para transportar familias enteiras cos pés esgazados, persoas que sufriron o bombardeo desde o aire e desde o mar, sen un momento de repouso.

15 DECEMBRO - Martes

Ósos, con **Pedro Guerra**, lembra que a Guerra Civil comenzou en Canarias. Desde As Palmas, o xeneral Franco voou no «Dragon Rapide» a Casablanca para poñerse ao fronte do exército de África. En Canarias non houbo Guerra Civil propiamente dita, pero a represión custou moitas vidas. Ademais dos mortos, 4.000 presos abarrotaron cárceres e calabozos. Entre estes cárceres habilitados, un dos que tivo peor fama foi o depósito do empaquetado de plátanos da compañía británica Fyffes, en Tenerife, no que se amoreaban máis de 2.000 presos políticos. Ademais, por primeira vez gravábase o descenso á sima de Jinámar, así como os restos de desaparecidos que alberga o seu interior.

17 DECEMBRO - Xoves

Estremadura amarga, con **Luis Pastor** repasa varios dos episodios ocorridos na Guerra Civil nesta comunidade. O cantautor viaxa pola rexión estremeña para encontrarse con testemuñas daqueles anos, aborda a actuación republicana en algunha das vilas e céntrase en feitos tan tráxicos como a matanza de Badaxoz, a represión en Zafra, Llerena ou o campo de concentración de Castuera. Inclúense imaxes de arquivo inéditas ou pouco vistas en España -como as tomadas polo francés **René Brut** dos mortos queimados no cemiterio pacense-, e a opinión de historiadores como **Justo Vila**, **Julián Chávez**, **Francisco Espinosa e José María Lama**.





RETOMAMOS O NOSO CLUB DE LECTURA

Dende o ano 2002 que formamos no Ateneo Ferrolán o noso CLUB DE LECTURA, segue levándose a cabo **Todos os primeiros MARTES DE CADA MES.** Encontros coa LECTURA onde xúntanse uns 20 socios e socias todos os primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro guiados pola profesora ANXELES SEOANE.

PRÓXIMAS CITAS no noso CLUB DE LECTURA ANO 2009.

6 de outubro,
3 de novembro
e 1 de decembro

ás 19,30 h.



Estamos lendo: «Quen matou a Inmaculada de Silva» de MARINA MAYORAL.
Diferentes autores foron os escollidos para os nosos ENCONTROS como: Juan Rulfo, Gabriel García Márquez, Manolo Rivas, Damaso Alonso, J. Sender, Machado, García Lorca, Miguel Delibes, Julio Cortázar, Vargas Llosa, Valle Inclan,Eduardo Mendoza, Sabato, Saramago, Gil de **Biedna**, Pío Baroja, Lendas galegas, teatro, Jose Luis SAMPEDRO, Julia UCEDA, ... etc.



Os días **21, 22 e 23 de decembro de 2009**, levaranse a cabo no Ateneo Ferrolán ás

IX XORNADAS DE MOSTRA DE CURTAMETRAXES

comezadas no ano 2001
con grande interese do público en xeral.

Nestes días amosaremos curtametraxes e creacións de cineastas, case que sempre noveis, e con especial atención aos cineastas galegos e galegas en especial.

O **OBXECTIVO** é dar a coñecer a un público amplo a calidade e variedade das curtametraxes, sobre todo das galegas. Estas xornadas están a converterse nun referente, por ser un esforzo realizado para divulgar a produción de curtametraxes, que en moitos casos fica agochada. Trátase de acceder a unha parte do audiovisual que atesoura gran calidade.

Facemos un chamamento a todas as persoas que queiran participar nestas xornadas, nos acheguen os seus traballos en formato DVD ou se poñan en contacto con nos antes do día 15 de novembro para poder engadilos ao programa deste ano.

Admítense curtametraxes de ficción, de animación, ...
GRAZAS POR PARTICIPAR



MÉRCORES DE
A nova grella filispin
periodicidade mens
Desde o **Ateneo Fer**
nova actividade radi
O programa **Atenea**
Con motivo da aper
A data é o Sábado 3
A rádio livre e comu

EXPOSICIÓNS

CARTEIS «CINEMA E SOCIEDADE»



Na 2ª planta das Salas de Exposicións
do ATENEO FERROLÁN

Do 30 de outubro ao 18 de novembro de 2009

EXPOSICIÓN COLECTIVA DE PINTURA E GRAVADO
VARIOS ARTISTAS:

Do 16 ao 28 outubro
na sala de exposicións 2ª planta

María Piensos (A Coruña)
Mely Secas (Vigo)
Lola España (A Coruña)
Óscar Cabana (A Coruña)
Hugo Ariaslobo (Colombia)
Pacho Díaz-Granados (Colombia)
Ramón Lugo (Colombia)

Decembro de 2009

VI EXPOSICIÓN COLECTIVA DE ARTES PLÁSTICAS «PEQUENO FORMATO»

S**ó para socios e socias do Ateneo Ferrolán**, na que podes participar con **1 ou 2 obras**. Para iso, **debes enviar as obras antes do 10 de decembro**, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de **70 x 70 cm.. incluíndo o marco**. O expositor que venda a súa obra aboará ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como tarxetas, cartel, copa de viño da inauguración, ... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.



As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición, que terá lugar **do 17 de decembro ate o 14 de xaneiro (1ª planta)**.

Esperamos a túa participación.
Vocalía de Artes Plásticas do Ateneo Ferrolán 2009

Do 20 de novembro ao 2 de decembro
na sala de exposicións 2ª planta

FOTOGRAFÍAS DE MARIAN ROMERO

Do 10 de decembro ao 12 de xaneiro

EXPOSICIÓN:
"PAPEIS" de LUIS RAPELA (Ferrol)


20 A 21 HORAS «ATENEA» O PROGRAMA DE RADIO DO ATENEO FERROLÁN

iana, inclúe o programa que vai realizar o **Ateneo Ferrolán**, «**Atenea**». En principio, o programa terá unha ual, aínda que se a cousa funciona e a xente se anima, poderiamos chegar a semanal.
rrolán, facemos un chamamento aos socios e socias para que, se lles interesa, se animen a participar nesta ofónica e axuden a facer o programa.
, emitirase en **Rádio FilispiM 93.9 da FM**
tura da temporada 2009-2010 de Rádio FilispiM, organiza a tradicional Sessiom Vermú.
1 de Outubro, às 12:00hs. do mediodía no Ateneo Ferrolán. Nom faltedes!!
unitária da Terra de Trasancos emitindo dende Ferrol. http://www.opaii.blogspot.com



LA ASOCIACIÓN CULTURAL PERSONAL CIVIL ADMINISTRACIÓN

En un ciclo CULTURAL, pone en escena la PELÍCULA **"TRES MUJERES Y UN PLAN"**



Lugar: Salón del Ateneo Ferrolán

C/.Magdalena,202

Ferrol

ENTRADA LIBRE



Día: Miércoles, **4** noviembre 2009

Hora: **18:00** horas

Ficha técnica:

Dirección: Callie Khouri

Guión: Glenn Gers, John Mister, Neil McKay **Género:** Comedia

Reparto: Diane Keaton, Queen Latifah, Katie Holmes, Ted Danson, Adam Rothenberg, Stephen Root, Roger R Cross, Christopher McDonald.

Sinopsis: Comedia sobre tres mujeres muy distintas que deciden unir fuerzas para robar nada menos que en el Banco de la Reserva Federal. *Bridget* (Diane Keaton) es un ama de casa que entra a trabajar en el citado banco después de que su marido pierda el trabajo; *Nina* (Queen Latifah) es una madre soltera que sólo piensa en que sus pequeños tengan una buena educación en el futuro; y *Jackie* (Katie Holmes) es una jovencita marchosa que vive en una caravana con el colgado de su novio…

Año de producción: 2008.

País: EEUU.

Duración: 104 min.



NO 130 ANIVERSARIO DA INAUGURACIÓN DO DIQUE DA CAMPÁ

ANDRÉS A. COMERMA, IN MEMORIAM

por Luis Puig Mosquera,
bisneto de Comerma



Preliminar

Unha mesa redonda da miña casa, a carón dunha ventá, foi o lugar no que, sendo neno, comecei a escoitar as historias de Comerma. A súa filla Ángeles, que no seo da familia a chamábamos cariñosamente «tía Angelita», foi quen se encargara de que dende idade temperá estivera ao corrente de quen fora o xeneral Comerma, o seu pai. Tarde tras tarde, á volta do colexio, instalábame fronte a ela na súa mesa. Unha vez que remataba os meus deberes, mentres ela daba un último repaso ao xornal ou continuaba algún dos seus habituais labores de agulla e fío, e os meus irmáns máis pequenos enredaban pola casa, a miña tía avoa tomaba a palabra e xa non a soltaba até a hora de cear. Sentados ambos os dous na mesa redonda, fronte a fronte, lembro a miña tía avoa falándome sen parar, contándome as interesantísimas historias reais daquel home excepcional, que pola súa temática parecían discorrer paralelas ás das obras de Xulio Verne –o meu autor preferido por aquela época– novelas coas que tiña o costume de rematar o día, xa deitado antes de conciliar o sono.

Aquela mesa redonda foi, pois, un lugar moi entrañable para min e no que, día tras día, durante os períodos escolares da miña nenez, fun descubrindo a personalidade poliédrica de Comerma, tan chea de múltiples facetas, a través dun relato familiar directo á vez que fiable. Así pois, a miña información primeira, directa e principal para o coñecemento de Comerma procede de escoitar os relatos diarios da súa filla Ángeles. Aínda que, con posterioridade, completase aqueles datos nas diversas fontes documentais ou mesmo no seo da propia familia, o que aquí escribirei non será máis que unha parte minúscula do que ela me contara.

Como as circunstancias son as que son, posto que ela xa non podería escribir estas liñas, acheguei a orella á miña cuncha do caracol de mar e, xunto co murmurio do vaivén das ondas, escoitei a súa voz de novo, e todo o que chegou ao meu oído a través da boca aberta na base do cono en espiral do caracol, sinteticeino para que tivese cabida nesta pequena colaboración.

O binomio Valls-Ferrol

Comerma non nacera en Ferrol. Malia que todo o desenvolvemento da súa infatigable actividade ten como punto de referencia a nosa cidade, na que se establecería de maneira definitiva dende a súa incorporación á Escola de Enxeñeiros da Armada, nacera en 1842 na tarraconense vila de Valls, na que ten dedicada á súa memoria unha das súas rúas, a carrer General Comerma, do igual xeito que aquí temos a rúa Enxeñeiro Comerma.

Se, como queda dito, Ferrol fora o epicentro dende o que Comerma irradia as ondas expansivas das súas accións, sempre tivo presente a Valls. De feito, hai constancia de até sete viaxes á súa localidade natal, das que destacan especialmente tres. A realizada en 1879, con motivo da inauguración en Ferrol da súa obra magna, o dique da Campá. Naquela ocasión, o pobo de Valls, orgulloso dos méritos do seu paisano, sumouse á celebración, dedicándolle unha memorable benvida no medio dunha gran fes-









ta na que non faltaron, segundo contan os xornais da época, as formacións polas rúas principais de Valls dos *castells*, de tanta tradición naquelas terras. Ao fronte da *Rondalla Airiños da Miña Terra*, en calidade de presidente desta agrupación ferrolá da que era fundador, tamén visitou Valls en 1907, realizando esta vez o papel de embaixador da nosa música e das nosas cancións en territorios cataláns. A última das visitas realizadas foi en 1916, con motivo da multitudinaria homenaxe que a cidade decidira tributarlle na que, por diante da tribuna levantada ao efecto reservada para Comerma, desfilaron os valleses de xeito multitudinario, sen distinción de credos e ideoloxías. Aquela foi a manifestación máis evidente de que Valls recoñecía unanimemente os enormes méritos daquel home. Pero, ao tempo, era algo máis, era tamén signo da identificación daquel pobo cunha forma de ser sinxela e próxima, a pesar do éxito e fama acadados.

Por se non resultase suficiente xustificación o parágrafo anterior da existencia dunha póla catalá permanente en Comerma –o outro evidentemente era o ferrolán–, poderíase engadir que fora tamén, durante a súa estancia profesional na capital británica, colaborador en Londres da catalanista revista *La Reinaxensa*, na que publicaría diferentes artigos de divulgación científica sobre a electricidade. As lámpadas de arco voltaico, as incandescentes de Edison e as dínamos son algúns dos pretextos das súas colaboracións. A difusión dos seus artigos científicos tamén terían cabida no *Diario de Ferrol*. Neste xornal, serían o fonógrafo e o teléfono algúns dos pretextos.

Adaptación ás esixencias do progreso

Unha das características da personalidade de Comerma é –ademais da súa curiosidade científica polos novos descubrimentos, que o levaría a ser membro de número da Real Academia de Ciencias (1913)– o seu interese polas súas aplicacións prácticas, é dicir, pola tecnoloxía.

O asunto da electricidade, interesara a Comerma especialmente a raíz da súa presenza tanto no I Congreso de Electricidade de París (1881), no que se adoptan as primeiras unidades eléctricas de medida e no que o noso personaxe se interesa pola telegrafía, como na Exposición de Electricidade de Munich (1882), na que coincide con Thomson, que descubrira o electrón e máis tarde, en 1906, obtería o premio Nobel de Física polo seu traballo sobre a condución eléctrica a través dos gases. De feito, en Ferrol, Comerma terminaría deseñando a primeira central eléctrica e a súa rede de distribución. No Arsenal, mostraríase tamén firme partidario da introdución da electricidade como nova fonte de enerxía en substitución do carbón, máis caro, que se estaba a utilizar. En canto á xa citada telegrafía, non debe esquecerse que dirixiría tamén a instalación das liñas telegráficas no propio Arsenal.

Dentro do que son as comunicacións entre o Arsenal e o Estaleiro, proxectaría a liña de ferrocarril para facilitar a constante trasfega de materiais entre estes dous recintos vitais para a Armada.

Como xa estará a sospeitar o lector que non coñecese o perfil biográfico de Comerma, a sabendas de que quedan moitas cousas interesantes por contar, un vese envolto no medio do paradoxo de que é preciso rematar o interminable. Consciente de que non hai xeito de conciliar a situación, non teño máis recurso que aplicar a cirurxía: o deseño e o lugar de emprazamento do Hospital de Mariña serven para pechar este apartado. No segundo lustro dos oitenta, realiza o proxecto do mesmo.

Dende que a finais da Idade Media xurdise en Milán o primeiro edificio dedicado exclusivamente á saúde, os hospitais respondían á tipoloxía de claustro, caracterizada por un edificio organizado fundamentalmente como sucesión de salas cadradas. Non é até o século XIX, sobre todo a partir dos descubrimentos de Pasteur, cando no deseño dos novos hospitais impoñerase a separación en pavillóns segundo as diferentes patoloxías, para evitar as epidemias que se producían coa anterior estrutura. Nesta liña innovadora, o deseño de Comerma baséase no sistema estrela xa que, coa súa xeometría, os distintos pavillóns radiais converxen no centro, lugar de acceso común a todos eles, punto de encontro tanto de persoal sanitario coma de visitantes. Por razóns hixiénicas, en canto se refire aos emprazamentos que propón para o hospital, nos tres casos tamén observaría certa distancia dos lugares elixidos co groso do núcleo da poboación. O hospital que finalmente se construiría, froito dun proxecto posterior, emprazaríase nun dos lugares propostos por Comerma, o do actual campus de Esteiro.

Neste ámbito sanitario, non debemos esquecer a publicación da súa autoría: *Apuntes sobre la Exposición Internacional de Higiene y Educación celebrada en Londres en 1884*, pero sobre todo a realización das primeiras prácticas realizadas con raios X, logo da adquisición do correspondente aparato. Esta faceta de Comerma queda reflectida tamén cos seus estudos de Farmacia, licenciatura que obtivera en 1876 pola Universidade de Santiago de Compostela.

O seu compromiso con Ferrol

Comerma, á marxe da súa actividade estritamente profesional de enxeñeiro naval –por se non bastara o narrado até este momento– participa tamén activamente noutras tarefas relacionadas coa mellora dalgúns espazos urbanos da nosa cidade que, ao tempo, fora a súa cidade.

Particularmente, en canto á súa actividade como urbanista, cabe destacar neste ámbito o deseño dos xardíns de Herrera, que inclúe á columna central sobre a que se coloca a elegante figura de Jorge Juan, presidindo o recinto e sinalando os Arsenais que proxectara. Jorge Juan representa outro ilustre enxeñeiro militar, coñecido internacionalmente por participar activamente na expedición franco española para levar a cabo a medición do meridiano e, deste xeito, xunto coas medicións realizadas en Laponia, concluír que a Terra é acha-







tada nos seus polos e ensanchada no ecuador. Pero iso xa é outra páxina da historia da ciencia.

O mesmo podemos dicir para o caso dos xardíns das Angustias, igualmente construídos baixo a súa dirección. Desta vez o monumento que ocupa o centro da praza circular é a estatua fundida en bronce dun ferrolán, Victoriano Sánchez Barcáiztegui, tamén mariño.

Utilizando a dualidade «fóra-dentro» con relación á muralla (do Arsenal), tan propia da xerga ferrolá, poderíase dicir que o noso personaxe, que chegaría a ser xeneral inspector de primeira clase do corpo de Enxeñeiros da Armada, non limitaría a súa actividade «fóra» á súa contribución a embelecer a cidade. O seu compromiso non se limita aos proxectos e traballos que teñen máis ou menos relación coa súa cualificación técnica, van máis aló. Deste xeito, participa activamente na posta en marcha de diferentes asociacións culturais.

Xa se comentara anteriormente a súa relación coa *Rondalla Airiños da Miña Terra*, pero dentro da implicación de Comerma coas asociacións culturais ferrolás, nas páxinas desta revista resultaría imperdoable esquecer a forte vinculación co *Ateneo*, xa que nos primeiros anos do século XX ocuparía a presidencia do mesmo. Como curiosidade, advírtase unha feliz coincidencia: a fundación do Ateneo –o nome inicial era *Ateneo artístico, científico y literario*– e a inauguración do dique da Campá prodúcense ambos en 1879. O *Ateneo*, xunto co *Centro de Maestranza* e o *Centro Obrero de Cultura*, foron lugares nos que repetidamente Comerma dirixira charlas divulgativas sobre diferentes aspectos culturais, especialmente de carácter científico.

As inquedanzas culturais do enxeñeiro esténdense pola comarca de Ferrol, esta vez na parcela arqueolóxica do noso patrimonio. Nesa liña, cabe considerar os seus estudos sobre os castelos medievais situados naquela xeografía. Dá conta desta actividade: *Los Castillos Feudales. Moeche, Narahío y Andrade*, publicación de 1903.

Seguindo coa comarca, pero cambiando de actividade como é norma neste home, merece destacarse o proxecto dun criadeiro de ostras na ría de Pontedeume.

O relato anterior dá idea do traballo de Comerma na cidade e na sa súa área xeográfica de influencia, mais porén había nel un compromiso social superior, o que atinxe á consideración humana, particularmente dos traballadores. Esta sensibilidade levouno a preocuparse polas súas extremas condicións laborais. Pensemos, por exemplo, que a complexa construción do dique da Campá xeraría elevadas cotas de accidentes laborais, facendo necesaria a creación dunha casa de socorro polo concello. Pódese afirmar que, como noutras facetas, adiantouse ao seu tempo preconizando o que actualmente se coñece como «prevención de riscos laborais».

O enxeñeiro naval

A pesar da amplísima relación de actividades mencionadas até este momento, fixémonos que practicamente non figura entre elas ningunha que estivese estritamente relacionada coa súa condición de enxeñeiro naval. Neste epígrafe final, atenderemos as páxinas biográficas sobre esta cuestión que, por outra banda, son as de máis sona.

Deixaremos á marxe os numerosos traballos, máis ou menos convencionais, como enxeñeiro naval, proxectando e dirixindo a construción de barcos, para centrarnos nos dous seus proxectos estelares: o dique da Campá e o túnel submarino do Estreito de Xibraltar.


Do dique da Campá, de cento trinta anos de existencia, ademais de aludir á repetida consideración de ser a obra hidráulica de maiores proporcións da Galicia do século XIX, convén dicir que, a día de hoxe, segue a funcionar na actualidade de xeito tan primoroso como o fixera o día da súa inauguración coa entrada no seu seo da fragata Victoria, sen outra limitación que a que as súas propias dimensións impoñen.

Resulta obrigado sinalar que, respecto da construción naval, o noso retraso tecnolóxico era evidente con relación aos países desenvolvidos de Europa. Así, por exemplo, tiveron que transcorrer ¡vinte e sete anos! entre a botadura do primeiro barco con casco de ferro nos estaleiros ingleses e a saída ao mar do primeiro navío desas características realizado nas instalacións ferrolás. Comerma proxecta o dique da Campá, que pode xa acoller barcos de ferro. Aínda máis, sería o primeiro dique que se constrúe co barco-porta de ferro, xa que os anteriormente construídos eran de madeira. Pois ben, a citada fragata Victoria, con casco de ferro –primeiro buque que entraría no dique– tivera que ser encargado pola Armada aos estaleiros ingleses. A inauguración do dique permitiría dar un importantísimo impulso aos estaleiros ferroláns, xa que ao favorecer a construción de buques de ferro, supúxolles na década de 1880 un importante encargo deste «novo» tipo de barcos co obxecto de modernizar a flota. Para estes barcos, fundamentalmente cruceiros, o triste destino final sería a súa aniquilación polos acoirazados dos Estados Unidos na guerra de Cuba.









Volvendo ao dique, a innovación tecnolóxica máis destacada que incorpora, na que traballa Comerma coa desconfianza de máis dun colega en canto a súa eficacia técnica, é a do seu barco-porta de ferro: barco, porque flota; porta, porque abre e pecha o dique. Prescindindo de tecnicismos, esas son as dúas características básicas do mecanismo hidráulico estelar do dique. O antedique constitúe a esclusa de entrada e leva catro regañas abertas no pavimento e costados para outras tantas posicións do barco-porta. Segundo a posición na que se coloque o mesmo –función da dimensión de cada buque– deixará libre un espazo interior que, cando menos, será o total do dique.

Non se pode esquecer a tarefa anterior de Comerma como profesor da Escola de Enxeñeiros Navais. Neste aspecto, á marxe do seu estrito labor didáctico, o seu legado foi a publicación da obra: *Curso Práctico de Construcción Naval*, editada por Suárez y García en 1868. Este libro, que pode consultarse na Biblioteca Naval, representou durante moitas décadas unha referencia obrigada na formación dos enxeñeiros navais. Esta publicación, durante moito tempo única no seu ámbito, foi premiada coa medala de prata da Exposición Marítima de Barcelona (1872).

Para rematar, é obrigado facer mención ao seu máis ambicioso proxecto que aínda que, polo momento, non chegou a emprenderse: mais porén, cada pouco tempo emerxe nos medios informativos o asunto da posibilidade e dos beneficios da súa construción. Estamos a referirnos ao proxecto de unir Europa e África mediante 60 km de ferrocarril, dos que 30 km transcorrerían a través dun túnel submarino que cruzase o Estreito, entre Tarifa e Ceuta.

Probablemente inspirado no proxecto de unir Inglaterra e Francia a través do Canal da Mancha, do que xa existía o proxecto e que, como é sabido si se materializaría a finais do século pasado, Comerma pensou na posibilidade de unir dous continentes. Na súa estadía británica –cando comeza a tomar en serio este asunto– o embaixador en Londres bótao para atrás, aducindo razóns de estado, xa que Inglaterra se opoñería de xeito drástico a semellante proxecto. Comerma desiste inicialmente, pois as súas intencións lonxe están de poñer ao estado en dificultades diplomáticas.

Máis adiante, animado por ilustres coñecedores do proxecto, segundo relata o seu biógrafo Ballester, volve a considerar a posibilidade de realizalo e comeza a manexar planos, a realizar estudos de presións, fondos, temperaturas e moitas outras variables a considerar.

Concluído o proxecto xunto coas memorias correspondentes, son presentados diante da Cámara de deputados. Sagasta, Cánovas e Martos son algúns dos reputados parlamentarios que acollen a idea con entusiasmo.

A idea non chegou, polo momento, a materializarse, unhas veces polo axitado momento político e outras, as máis, polo desembolso económico que supoñería para o erario público. Acaso coa perspectiva actual de derrubar fronteiras, o empeño supranacional poida por fin levar adiante esta idea de unir os dous continentes por un home adiantado ao seu tempo.

Epílogo

Espero e desexo que o lector que tivera a paciencia e chegar até estas liñas tivera, cando menos, unha idea aproximada do que representou Comerma, dentro e fóra de Ferrol, dentro e fóra de España, dentro e fóra do ámbito profesional.

Se non fora dese xeito, non lle boten as culpas á miña «tía Angelita», a responsabilidade será exclusivamente miña. Aínda que pensándoo ben, ¿non será o meu caracol mariño o culpable?

Ferrol, agosto de 2009 



LA VANGUARDIA ● MIERCOLES, 11 DE OCTUBRE 1978

LA PRIORIDAD DE UN PROYECTO

EL TUNEL DE COMUNICACION SUBMARINA ENTRE EUROPA Y AFRICA

LO PROYECTO EN 1883 EL CATALAN COMERMA

Ha sido publicada, recientemente, en los periódicos, la noticia del proyecto de unión submarina entre Europa y Africa mediante un túnel de enlace entre ambos continentes.

El proyecto, en realidad, tiene unos antecedentes de casi un centenar de años, puesto que así nos lo permite divulgar el siguiente texto, que traducimos de la biografía que del general de ingenieros de la Armada Andrés Avelino Comerma y Batalla escribió el doctor F. Ballester Castelló, con motivo de la colocación del retrato de Comerma en la Galería de Vallenses Ilustres, en 1921: «La idea de un túnel submarino que uniese España con Africa, por debajo del estrecho de Gibraltar, nació en el cerebro de Comerma en el año 1883, estando en Londres y después de haber visitado las obras de tanteo del camino de hierro de Francia a Inglaterra, por debajo del canal de la Mancha».

De ahí que entendamos conveniente reflejar, en el presente artículo, algunas de las características sobresalientes del proyecto de Comerma, «sujeto digno del mayor aprecio» (según frase que aparece en la «Historia de la villa de Valls», de F. Puig-janer).

Túmulo, para los funerales del general Comerma en la iglesia de San Juan, de Valls

REIVINDICACION OFICIAL

Antes, sin embargo, queremos poner de relieve que ha habido más proyectos de tal índole, y ello se infiere por la instancia que, en 1932, las hijas de Comerma dirigieron al Gobierno español, en la que, en los párrafos finales, manifiestan:

«Con este escrito acompañamos las más indispensables copias de documentos del archivo de Comerma, que por sí solas bastan para sostener cuanto dejamos dicho sobre la usurpación de méritos que sólo a nuestro padre corresponden.

Por lo expuesto,

Suplicamos a las Cortes Constituyentes que, animadas del espíritu que las distingue, se dignen, previos la investigación que juzguen oportuna y asesoramientos técnicos del caso, para lo cual ofrecemos los estudios y planos originales y demás documentación sobre este asunto que obran en nuestro poder, declarar que la prioridad del proyecto del túnel bajo el Estrecho de Gibraltar corresponde al ingeniero español don Andrés Avelino Comerma y Batalla, que concibió la idea, tratando de ponerla en práctica de acuerdo con los Gobiernos de su época y por lo que la Patria le debe gratitud.»

La instancia, firmada, en representación de las hijas del general, por Luis Puig Guerra, en El Ferrol, el 7 de marzo de 1932, lleva el refrendo del «Govern de la Generalitat de Catalunya», con la firma de su presidente Francesc Macià –no olvidemos, por otra parte, que «l'Avi» fue coronel de ingenieros–, y los timbres de varias entidades ferrolanas, vallenses y barcelonesas.

HOMBRE DE GRAN INICIATIVA

En la ciudad –entonces todavía villa– tarraconense de Valls, el 9 de julio de 1842, nació –en la casa número 40 de la calle «de la Cort» (hoy, Baldrich)– quien en El Ferrol fallecería, casi a los 75 años de edad, el 11 de marzo de 1917. En nuestros días, F. Casas - Mercadé ha podido comentar, en su libro «Valls, a sol i serena», que la fama de Comerma se sustenta sobre todo en haber sido el autor del notable dique de la Campana, de El Ferrol, y del proyecto de un túnel bajo el estrecho de Gibraltar (Tarifa - Ceuta).

Hijo del arquitecto sabadellense Pedro Comerma y de la mallorquina Rosa Batalla, habitante en Valls, Andrés Avelino quedó huérfano de padre en años todavía infantiles, y cuidó de su educación un abuelo suyo, el canónigo Batalla. Este, apreciando la disposición científica del muchacho, le hizo ingresar en 1860, en la Escuela de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, de Madrid. Cuatro años después, el mozo era alférez de fragata, y, en 1866, alférez de navío y profesor de Física y Geometría en la Escuela de Maestranza. Por oposición, obtuvo plaza para la Academia de El Ferrol. No tardó en publicar su libro «Curso práctico de construcciones navales», única obra a la sazón existente, en la península, sobre el tema y que le valió medalla de plata en la exposición marítima celebrada en Barcelona en 1872. Siendo profesor de la Escuela de Ingenieros de la Armada, el 16 de marzo de 1873 quedó encargado de la construcción del dique de la Campana, en virtud de orden del Almirantazgo. Transcribimos: «El trabajo de la dirección del dique era inmenso, pero Comerma, como todos los hombres verdaderamente laboriosos, todavía se buscaba más trabajo; no era posible que su espíritu tuviese un solo momento de reposo y, para descansar, proyectó la línea telegráfica de El Ferrol a Monteventoso y se fue a Viena para estudiar la exposición universal. De regreso de Viena, proyecta el basamento de la estatua de Jorge Juan, instalada en el paseo de Herrera, cuyos jardines planea y dirige, y comienza a estudiar la carrera de Farmacia. A fines del año 1874 se presentan graves dificultades de orden económico para la construcción de las obras del dique; mas Comerma no se desanima y propone al Gobierno la subasta de las mismas, lo que se le concede, con la condición de ser él a la vez el inspector y el director. Durante este tiempo instaló en el muelle norte de la atarazana grande, y al oeste del Dique de la Campana, el mareógrafo de Charallong, mediante el cual obtuvo las curvas de nivel de las mareas durante los cuatro años sucesivos.» Etcétera. Por lo que acabamos de reproducir, de la biografía escrita por Ballester, ya se nos alcanza que resulta imposible transmitir en pocas líneas las realizaciones de quien, amigo del progreso y habiendo adquirido en París un fonógrafo y en Barcelona un telégrafo, llevó a cabo en El Ferrol una serie de experimentos, mucho antes de que los mismos tuviesen lugar en Madrid.

La ejecución del dique de la Campana dio a Comerma prestigio internacional; así lo subraya J. M. Ainaud, en la nota biográfica que del personaje figura en la «Gran Enciclopèdia Catalana», en donde se agrega que Comerma –hombre que sabemos dotado de enorme humanidad– siguió con afecto el movimiento catalanista y colaboró en «La Renaixença»; en El Ferrol fundó el orfeón «Airinhos da Minha Terra» y presidió el Ateneo.

AGUA AL FUEGO

Concebido el proyecto del túnel submarino entre Europa y Africa, Comerma –cuya graduación de general del Cuerpo de Ingenieros Navales llegaría más tarde, en 1900–, hizo consultar a varios políticos e ingenieros, los cuales le alentaron y felicitaron. Sin embargo, consultado también el embajador de España en Londres –lo era el marqués de Casa Laiglesia–, éste atajó, rotundamente, que Inglaterra habría de oponerse en absoluto al proyecto. Agua al fuego, puesto que Comerma confesaba, poco después, a un entusiasta amigo suyo, que «ni la gloria del inmenso proyecto, ni todas las felicidades que yo podría alcanzar, con el triunfo, valen tanto como la tranquilidad de España. Nunca jamás me perdonaría ser la causa ocasional de un conflicto con Inglaterra, contra la que no tenemos medios de lucha. Dejémoslo, querido amigo. Muerta está la idea y muerta se queda».

Pese a todo, Comerma –aguijoneado por ilustres conocedores de su proyecto (Roldán, Spuller, Gambetta, etc.)– continuó acariciando la hipotética realización, que cristalizó en planos y memorias. Es estudio de presiones, fondos, temperaturas, cortes, etc., del estrecho de Gibraltar siguió materializando una idealización, ya no alimentada por la convicción de ver unidos, por un túnel de 19 km y por 60 km de vía férrea, los dos continentes.

El biógrafo Ballester no puede menos que reprochar, textualmente: «Potser els plànols d'en Comerma foren soterrats al mateix ninxol burocràtic on es momifiquen els plànols de l'Ictineo, de Monturiol!».

Pere CATALA i ROCA

(Fotos del archivo del autor)

Andrés A. Comerma y Batalla

Instancia de las hijas del general Comerma, solicitando el reconocimiento oficial de la prioridad del proyecto

Plano del proyecto de túnel por debajo del estrecho de Gibraltar



DIVERSIÓN E VIDA COTIÁ NO FERROL DO XIX

por Ana Martín García

Cando no ano 1879 se inaugurou o abraiante dique da campá, a xa por entón cidade de Ferrol, viviu un dos seus acontecementos sociais máis notables. O pobo tomou as rúas enchido de balbordos e algarabía. Uns lucían as mellores roupas para o evento, pois moitas das sociedades recreativas prepararan festas e bailes para a ocasión, e mesmo nas inmediacións da porta do dique, levantarase un teatro circo que daría espectáculos de variedades á poboación ante tal efeméride.

Pero aqueles fachendosos ferroláns estaban inmersos nun século, o XIX, cheo de contrastes, nunha centuria na que con suma rapidez os días de gloria daban paso a crises económicas e a inestabilidades políticas insostibles. É por iso, que a estampa de ledicia e fermosura que nos debuxa a xornada inaugural do dique da campá, ten que se observar dende a excepcionalidade.

Os anos decimonónicos, non foron para os ferroláns un camiño de flores. As graves penurias que azoutaban a unha vila real tan intimamente unida ás decisións da Coroa, provocaron levantamentos populares. Xa, na primeira década do século, o 10 de febreiro de 1810, a falta de pagas produciu o descontento nas clases populares que, movidas pola desesperación e encabezadas por un grupo de mulleres, asaltaron a porta do dique para penetrar no arsenal. A vila real agardaba a chegada dun novo comandante xeral, don Francisco Vázquez de Mondragón, e mentres, un rumor difundírase polas rúas de Ferrol. A falsa nova sinalaba ao xeneral Vargas de ter ocultos unha morea de cartos cos que se poderían pagar os xornais e os créditos adebedados. Ningunha voz foi quen de convencer á turba que asaltou o recinto militar e que, ao non atopar o ansiado motín, decidiu poñer fin á vida do xeneral do modo máis cruento.

Conta Montero Aróstegui que ataron unha corda aos pés do desgraciado xeneral, e diante dos seus soldados, sacárono pola porta do arsenal e levárono arrastrado, en medio dun enorme bulicio ata a poboación de Esteiro, onde abandonaron o seu corpo. A crueldade do crime foi correspondida cun castigo que ben nos puidese parecer máis propio doutros tempos. As mulleres que encabezaron a revolta foron enxuizadas na Coruña. Antonia Alarcón, muller dun obreiro, foi sinalada como cabeza de motín, conducida a suplicio e decapitada na cidade herculina. A súa cabeza viaxou logo ata Ferrol, onde, de modo exemplarizante, foi cravada nunha picota na Alameda, naquel paseo decoroso e elegante do que tanto fachendeaban os ferroláns.[1]

En efecto, a Alameda de sete rúas era o orgullo da Real Vila, e aínda que dela pendurasen cabezas sanguinolentas ou a cotío se puidese ver pacer ao gando, eramos quen de falar con desprezo do madrileño paseo do Prado.

Pero non todo eran atrasos; en Ferrol fomos a primeira localidade galega en contar cun sistema de sumidoiros e tivemos alumeado xeral dende 1847 e, antes, ao caer o sol, os ferroláns ou ben se pechaban na casa, ou, como moito, xuntábanse nunha mazá da rúa Magdalena, onde se situaba un único farol solitario suxeito por unha cadea a dúas casas. De todos os xeitos o alumeado instalado seguía a ser insuficiente e a cada pouco os veciños reclamaban máis puntos de luz.



Na rúa travesa de San Eugenio dicían non poder saír da casa ao caer o sol, pois a escuridade era tal que as roldas dos serenos non chegaban ata aló aínda que sí o facían «hombres encapotados y parapetados en las capas, cuyo objeto no puede ser otro que el de hacer daño».[2]

Moitas daquelas rúas escuras dende o solpor, resultaban ademais cheirentas por ser costume a venta e limpeza de peixe nelas. Tamén era habitual, segundo recollen os «*Bandos de Policía y Buen Gobierno*» que os veciños non dubidasen en poñer a secar nas rúas todos os froitos que o mar ou a terra lles ofrecían.

O panorama era, dende logo, variado: peixeiras mesturadas con algúns animais domésticos que paseaban soltos e que mesmo parecían querer escoitar a aquelas mulleres que lían a cambio dunhas moedas a boaventura e o futuro aos máis desafortunados dos ferroláns que se mesturaban co lixo que se acumulaba nos recunchos das rúas. E mentres, as autoridades civís, emitían bandos tratando de poñer en orde a unha veciñanza que organizaba chocalladas sen previo aviso, e que pasaba con suma facilidade da festa á liorta. Pelexas nas que, ante a pobreza dos litigantes, as pedras eran ás armas máis empregadas.

A comezos da década dos trinta do século, achegábase a Ferrol o afamado viaxeiro e vendedor de Biblias George Borrow. A súa visión da localidade quedou debuxada a través da súa palabra na obra «La Biblia en España» onde aseguraba que en ningunha parte se manifestou a miseria e decadencia da moderna España con tanta forza como na capital departamental:

«Apenas entré en la ciudad se apoderó de mi alma la tristeza. La yerba crecía en las calles, por todas partes me daban en la cara las huellas de la miseria. Ya no pululaban por los Arsenales aquellos millares de carpinteros de ribera que construían las largas fragatas y los tremendos navíos de tres puentes. Tan sólo unos pocos obreros mal pagados y medio hambrientos, desperdician allí sus horas...»

Continua Borrow o seu relato asegurando que a metade dos habitantes de Ferrol pedían esmolas polas rúas, entre eles, asegura que se atopaban oficiais de mariña retirados e inválidos que ben puidera facer tres ou catro anos que non cobraban as súas pensións.

Con todo, había en Ferrol moito que admirar, a pesar da desolación, tiñamos algunhas boas rúas e non poucas casas fermosas.

Non é de estrañar que ante tanta inquedanza, a chegada á urbe de calquera atracción fose sempre aplaudida. Circos, compañías teatrais que percorrían a xeografía galega ou mesmo teatriños ambulantes, solicitaban permiso ao concello para poder exercer as súas habilidades na real vila. En 1832 fíxoo, por exemplo, José dos Reis Malavar, quen se definía como *«profesor de equilibrios e juegos indianos»*[3]. Tratábase dun artista ambulante de orixe portuguesa que desenvolvía con moita destreza os xogos de mans aos que naquel tempo denominaban «indianos». O tal José dos Reis, facía constar en moitas das súas solicitudes de permiso de traballo o feito de ter actuado ante *«SSMM en el año de 1831, en el teatro de la Cruz».* [4]

Don Manuel Espiños, tamén actuou ante os monarcas amosándolles as súas máis curiosas cualidades, *«imitar la voz natural y sin otro auxilio, el canto de la mayor parte de las aves conocidas y varias marchas de Rossini...»*[5]

No 1832 tratábanse de axilizar os trámites *«sobre la carretera real proyectada desde esta villa a Castilla»*[6], un primeiro intento de dar mellores comunicacións terrestres a Ferrol e tratar de sacar a localidade do seu illamento.

As rúas continuaban estando ateigadas de lixo, por máis que os bandos municipais tratasen de atallar os vertedoiros das vías públicas. Para o concello non se trataba unicamente dun risco para a saúde pública, tratábase asemade dun escándalo. Por iso impoñía vinte ducados de multa a quen non limpara os esterqueiras e incluso penas de cárcere: vinte días de arresto.

O sistema de sumidoiro amosouse insuficiente, non recollendo as augas fecais de todos os barrios. Así, en Esteiro, seguía a ser práctica habitual botar as augas inmundas polas ventás, e en moitos casos ao berro de «auga vai» pillaba por sorpresa aos transeúntes que vían como un baldeiro de augas cheirentas empapaban as súas roupas. E realmente en veciñanza como aquela era difícil esquivar estes males, pois por riba, as rúas ateigábanse de vendedoras de froita que impedían o paso.[7]

Tratando de dar solucións a tanto desorde o concello poñía a funcionar un curioso servizo de recollida de lixo. Cada día de 7 a 8 no verán e de 8 a 9 no inverno, instábase aos veciños a varrer a fronte das súas casas e facer un montón no centro da fachada onde verterían tamén o po das cociñas. Feito este labor, pasaría un carreteiro por cada rúa apañando todo o lixo. Pagábaselle unha peseta por cada carro que carretase.

Os máis burgueses –querendo estar ou aparentar alleos aos dispares momentos– celebraban os seus bailes privados, aos que chamaban bailes de sociedade, ben participando nos que organizaba o Salón Filarmónico, ou ben alugando este local para reunirse nel os membros do Circo de Recreo, do Liceo de Artesanos ou da Tertulia de Confianza, por citar algunhas das sociedades recreativas que existían nas décadas dos 40 e 50.

O Salón Filarmónico non era máis que un amplo baixo cun gran salón corrido e apenas un par de dependencias máis que facían, ás veces, de tocador para as mulleres. O salón, que case non tiña mobiliario, servía como teatriño de variedades, como lugar de reunión e como salón de baile con capacidade para 400 persoas. Iso si, cando algunha das referidas sociedades se erixían como organizadoras do evento, transportaban ata el todo tipo de bens mobles, lámpadas, alfombras, cadeiras, etc., unha auténtica mudanza que trataba de converter aquel sinxelo almacén nunha especie de casino.

Outro local semellante era o Teatro Principal que ocupaba os números 46, 47 e 48 da rúa Magdalena. Tamén era un pequeno almacén improvisado para teatro con capacidade para 360 persoas. Tiña dúas ordes de palcos, un de galería e un patio. O curioso é que a pesar da súa pobreza, era catalogado como un dos espazos lúdicos máis dignos da vila, o que realmente era dicir pouco ou nada pois o propio concello describía en 1861 estes dous locais dicindo que:

«... tienen de tales teatros mas que el nombre, pues no reúnen ninguna de las circunstancias que requiere el establecimiento de esta clase, y sólo puede dárseles un título por ejecutarse en ellos funciones teatrales...».[8]

No 1850 levábase adiante o proxecto de contar cun hospicio no hospital de caridade. As Actas do Concello explican cal tiña que ser a finalidade do primeiro, e ao tempo, fannos unha nova



descrición da difícil situación na que vivían veciños e do curioso concepto que se tiña da caridade:

«...tan noble establecimiento en el que se habrán de recoger ese crecido número de pobres que en el día inundan las calles de la población, sus plazas y paseos, molestando a los transeúntes en sus continuados lamentos...».[9]

Soster estas institucións públicas non era doado, por iso o concello artellara unha sorte de privilexio mediante o cal, o Hospital era a única institución da localidade con permiso para celebrar no entroido bailes de máscaras, de xeito que a venda do cen por cen das entradas estaba garantida. Pero, o emerxer das sociedades recreativas, que tiñan como punto forte a celebración de bailes, chocou de fronte cos intereses filantrópicos do Hospital de Caridade. O problema non tiña fácil solución. Por unha banda o concello establecera que só o Hospital podía dar bailes de máscaras, pero por outra banda, era tamén o concello o que daba o visto bo aos estatutos das sociedades recreativas onde, as directivas, facían constar que celebrarían bailes públicos aos que podían acceder socios e non socios. A solución non deixou contento a ninguén. O Hospital de Caridade seguiría celebrando as súas mascaradas públicas, pero as sociedades recreativas tamén, aínda que limitando a entrada unicamente aos socios, co que os ingresos das asociacións, que viñan malvivindo dende as súas fundacións, tamén decaían.

Unha das sociedades implicadas nesta polémica foi a Tertulia de Confianza. Nada en 1850 era unha sociedade recreativa cun obxectivo instrutivo. As súas actividades baseábanse na lectura, nos bailes de máscaras e «*de serio*», e nos xogos de billar, naipes e outros legais, quedando absolutamente prohibidos os de azar. Nestes tempos decimonónicos, nin que dicir ten que as mulleres non xogaban máis papel dentro destas sociedades, que o de ser unhas ben recibidas compañeiras de baile. No día a día, negábaselles o acceso aos locais sociais onde só os homes podían gozar charlando nunhas tertulias con pouca chicha, pois prohibíase falar de temas políticos ou relixiosos.

Resulta un tanto cómico coñecer os regulamentos destas sociedades se os poñemos en relación coas liberdades coas que contan hoxe os nosos mozos. En 1850 eran socios de número da Tertulia, os casados e os homes maiores de 29 anos, mentres que os «rapaces» de 17 a 29 anos tiñan que contar cunha autorización paterna escrita para poder pertencer á sociedade.

As sedes daquelas sociedades eran simples pisos de aluguer, a Tertulia, por exemplo, comezou a súa andaina cun na rúa San Bernardo, que así lle chamaban ao tramo da rúa Magdalena que ía dende a altura da praza de Armas ata a actual praza de España. Aquela era simplemente unha vivenda de tres pisos na que todo pretendía ser o que non podía ser. A escaleira estaba pintada «*al bronce*», os mobles pintados á caoba, etc. Pero cumpría o seu cometido porque tiña recunchos para a lectura, sala do café co seu «botiquín» –que así se denominaba daquela ao bar– sala de xogos, secretaría ou mesmo unha sala de billar.

O comportamento dalgúns dos seus socios distaba moito de ser modelo de alta sociedade. A modo de anécdota lembramos nestas liñas a curiosa actitude reincidente de Don Rafael Leirós. En 1862, a xunta directiva abriu serio expediente a tres socios; o mencionado D. Rafael, D. Ramón Peña e D. Bernardino González.

«...habían alterado el orden de la sociedad entrando con un caballo en la misma hasta la segunda puerta... destrozando cristales, con la exposición de ocurrir cualquier desgracia si en aquel momento saliera cualquier individuo... uno de los tres socios... ha levantado la mano al administrador, sin tener en cuenta, que lejos de faltarles, les suplicaba que guardasen moderación...».[10]

Dous anos máis tarde deuse de baixa a Leirós por tirar un paraugas á cara e sen motivo a D. Julio Abeleira. Pediu perdón e readmitírono, pero no 1865 queren volver a expulsalo, porque parece que lle volveu dar un ataque irrefreable de ira:

«... lo expulsamos por pretender dar un bastonazo a D. Juan San Martín, que lo esquivó, pero hay evidencias en la pared hundida... se le da de baja por reincidente»

Realmente o comportamento de Leirós é excepcional, o normal é que os libros de actas das asociacións non teñan que facer referencia a comportamentos e personaxes tan singulares. O que si que recollen son os intentos por amosar atraccións aos seus socios. Tal vez polo pouco «glamour» que presentaban os seus locais, algunhas das recreativas arriscaban parte dos fondos das súas arcas para traer ata Ferrol espectáculos pouco vistos. No 1858, con motivo dos festexos pola visita real de Isabel II, alugaron un cosmorama. Tratábase dun artificio óptico que permitía ver aumentados os obxectos mediante unha cámara escura, e asemade, proxectaba localidades, edificios, etc.

Aquel ano de 1858 foi un ano repleto de actividades lúdicas, de conmemoracións a prol da visita rexia, pero tamén un ano de moito control político, tanto, que chegou a afectar a propia vida das sociedades que criticaban ao alcalde Ramón Ocampo pola férrea censura ás que as tiña sometidas.

No 1839 emitírase unha Real Orden por medio da cal o gobernador civil aprobaba os estatutos das sociedades recreativas e permitía aos alcaldes intervir nas súas xuntas xerais, e coñecer o seu funcionamento interno. Aínda que a Real Orde estaba aprobada, ningún alcalde exercera nunca aqueles dereitos que se lle outorgaban, ningún ata Ramón Ocampo e nunca, ata 1858.

Ocampo decidiu controlar a Tertulia de Confianza e a xunta directiva considerouno un agravio, un modo de invadir a súa intimidade e de levantar sospeitas sobre eles. Por moito que os socios se reuniron, a crise parecía irresoluble. Aguantaron un ano, con constantes cambios na directiva, débedas e un gran caos. No 1859 a quebra era total, o local estaba pechado por falta de pagamento do aluguer, os mobles embargados e en depósito xudicial. A sociedade languidecía e parecía vivir os seus últimos momentos. Pero milagrosamente renaceu das súas cinzas. En 1859 xurdía novamente baixo o nome de Casino Ferrolano, facéndose cargo das débedas, ocupando a mesma casa e facendo «limpeza de socios», eliminando a aqueles que consideraron conspiradores ou culpables dos críticos momentos vividos.

Outras sociedades non tiveron tal resistencia. O arquivo municipal garda unha boa colección dos seus regulamentos que nos deixan constancia da súa efémera vida. O Liceo de Artesáns ou o Círculo de Maquinistas, por exemplo, viviron apenas un intre.



Os entretementos cotiáns seguían a ser sinxelos; paseos pola rúa real nos seráns do inverno e pola alameda os do verán. Monicreques e outros artistas «menores» atraían a atención nas rúas a cambio dunha moeda e preparados para fuxir con rapidez en canto a autoridade se decatase da súa actividade ilegal.

Os teatriños acollían espectáculos de toda índole, zarzuelas, operetas, dramas e comedias. Tamén escenificacións relixiosas, como no 1861 «El nacimiento de Jesús», que, a pesar do inocente do título, non puido ser estreada ante a oposición do párroco de San Xiao, que dicía non ter pasada a censura relixiosa. O gobernador civil aceptou nesta ocasión a queixa do crego, pero cando este e o alcalde opuxéronse tamén a que os rapaces cantasen panxoliñas polas rúas, o gobernador non cedeu ás esaxeracións dos demandantes e permitiu os cánticos:

«porque es algo que se hace desde siempre en las calles y fortufica las creencias religiosas, además, asisten a ello las familias más distinguidas, también sacerdotes respetables por sus virtudes».[11]

O mundo e o poder relixioso e civil, seguían a estar moi mesturados.

Naquel ano, concedeuse licenza de apertura a un rifadeiro de galos sobre as ruínas do antigo teatro Settaro, tristemente desaparecido polas lapas dun incendio no 1807. No 1863 existía un circo ecuestre que nun ano realizou cinco funcións. Tratábase dunha construción provisional que se mantivo en pé o tempo que durou o espectáculo. O mesmo ocorría coas prazas de touros que se achegaban a Ferrol. Pero unha nova e soberbia construción comezaba a cobrar vida, polo menos sobre os papeis. Aquel foi o ano no que se iniciaron os que resultarían ser uns longos e dilatados trámites: os da construción dun teatro digno para a localidade. Sementábanse os alicerces do que sería o teatro Jofre.

En 1868 o alcalde da cidade, Aquilino Fernández, emite un bando sobre o entroido, onde deixa ás claras que non ía permitir, nin que se boten ovos, petardos ou auga sucia, nin que as xentes se disfracen de militar ou de funcionario, e tampouco se autorizan as grandes comparsas pola rúa. Ese ano resultou ser convulso en materia política e o ambiente notábase un tanto susceptible, tanto é así, que o concello comeza a se preocupar polos comentarios da rúa e trata de evitar calquera alusión política en boca dos cidadáns. Así, cando en febreiro un ferrolán alcumado «Pitifoque» aproveitando un espectáculo de prestidixitación dirixiuse ás cabezas parlantes para lles preguntar que cando sería «o golpe decisorio», á autoridade local non lle quedou máis remedio que sancionalo por tal atrevemento.[12] En setembro estoupo a Revolución Gloriosa, e os mesmos ferroláns que unha década atrás aplaudían á raíña Isabel na súa visita a Ferrol, eran os que agora, ante a crise de subsistencia iniciada en 1866, apoiaban aos insurxentes en contra da Coroa. Pero a situación política non logrou acadar a estabilidade ansiada, e a sociedade ferrolá viuse obrigada a procurar non manifestar publicamente os seus intereses políticos ante a incertidume do que os constantes cambios de goberno puideran traerlle.

A vida seguía e a necesidade de entretemento tamén. En 1870 apróbanse os estatutos que rexerán a primeira sociedade adicada cen por cen aos bailes, «La Ferrolana». Os seus socios debían aboar a respectable cifra de cinco reais ao mes, circunstancia esta que motivará a súa pronta desaparición.

No 1873 contaba Ferrol cinco cafés, tres casinos e un teatro aberto, mentres que o Jofre vía dilatada a súa construción. O comercio ascendía a 332 tendas de roupas, víveres,quincalla, etc. O alumeado era de petróleo e contabamos xa con 274 farois. [13]

O ano 1878 rompeu coa monotonía dos anos precedentes. A fin das obras de construción do dique da campá e a súa inminente inauguración comezaron a transformar a cidade para conmemorar o acontecemento. Ese ano comezou a construción dun teatro circo[14] con motivo do certame musical e dos xogos florais que se celebraran para festexar a inauguración daquela importante obra de enxeñería. Estaba situado na rúa da Iglesia e porción comprendida entre a Sánchez Barcaiztegui, Méndez Núñez e Paseo do Túnel. A súa curiosa forma poligonal cun diámetro de 30 metros e 980 localidades causou expectación. Era ver erguer unha especie de carpa circense, exenta, pero de madeira, chea de esquinais de ferro forzado, cerchas que sostiñan o teitume sen apoios, resultando un alzado prismático rematado nunha lanterna. A construción nacía ao amparo dos festexos e non tiña previsto ter unha longa vida, sen embrago, a falta de locais destinados ao ocio na cidade, vai facer del un referente ata 1885.

Curioso resulta como naquel mesmo ano de 1879

«reunidas varias personas pertenecientes a las distintas clases de la sociedad ferrolana, con el noble propósito de ampliar sus conocimientos y de difundirlos entre las clases populares, elevando su nivel intelectual y familiarizándose con los modernos ideales de la ciencia y del arte, acordaron crear y crearon es esta ciudad, una modesta institución titulada «Ateneo de Ferrol».[15]

A iniciativa que foi asinada por Manuel Estrada como presidente e por Santiago de la Iglesia como secretario recibiu todos os parabéns do concello do tempo. Na rúa Gravina nº 80 asentouse aquel vetusto Ateneo, nun local de aluguer polo que pagaban 240 reais ao mes.[16] Os gastos dos primeiros meses foron crecendo, o pago do mobiliario a prazos, o decorado do local para a inauguración...

O espírito de asociación medraba e as ansias de erudición tamén. A nova estampa que ofrecía o arsenal co meirande dique do mundo, e co seu sistema de porta-barco único en velocidade e efectividade, eran un reclamo para paisanos e visitantes. O nome do enxeñeiro Comerma estaba en boca de todos. No esquecemento o nome dos centos de mulleres que co rolete na cabeza e enormes cestos, foron as traballadoras que baleiraron a terra do dique para facilitar a construción da bóveda pétrea invertida.

Ninguén puxo nin pon en dúbida a xenialidade desta obra de enxeñería, sen embargo, poucos lembran que, para levala a cabo, desprazouse a muralla do arsenal, comendo parte da alameda, e sobre todo, inhabilitando parte do foxo que rodeaba o recinto amurallado. O problema sería menor, de non ser porque o foxo era algo máis que un sistema defensivo. Nel desaugaban os sumidoiros da cidade, e era o sistema de mareas o que se encargaba de empuxar as augas fecais cara á ría. O novo dique puxo fin a aquel sistema e converteu o foxo nunha podremia que rematou por desaparecer ante o perigo de epidemias que supoñía.

E mentres, chegando a fins de século as sociedades recreativas foron me-



drando e os locais de espectáculos tamén incrementaron o seu número. En 1888 abriu as súas portas o Teatro Romea, situado nos números 126, 128 e 130, construído en pedra, madeira e cinc. A sala de espectáculos formábaa un octógono irregular, con capacidade para 578 localidades na planta baixa e 322 no piso principal.

Algunhas das sociedades recreativas, chegaron a ter un número moi respectable de socios. O Círculo de Recreo tiña 139 que pagaban unhas cotas mensuais de 5 pesetas, o Casino Ferrolano 169 e unha cota de 2,90 pesetas, o Centro Recreativo de Ferrol, 300, que pagaban 2 pesetas, o Círculo de Artesanos, 130, contribuía con 1,50 e por último o Nuevo Liceo de Artesanos 227, tamén cunha cota de 1,50.[17]

Vinte anos transcorreran dende que expulsaran ao pobre Sr. Leirós do Casino Ferrolano. Pero en 1884, outros socios eran asemade expulsados por non estar á altura social que requirían algunhas das sociedades recreativas. Habíaos que se facían acompañar nos bailes de *«señoritas de dudosa reputación»*, o que ofendía ao honor das «damiselas» presentes. Pero é que outros xa se «extralimitaban» na súa falta de recato, como foi o caso de D. Miguel García del Villar. Hoxe sería o rei da festa, naqueles tempos case un delincuente expulsado do Casino por:

«... haberse extralimitado en sus modales bailando Can Can cuando la música que sonaba era un rigodón... se le expulsa para evitar que se cometan en lo sucesivo abusos de esta naturaleza y que hablarían muy poco a favor de esta sociedad...»

Notas

[1] MONTERO AROSTEGUI, José: *Historia y descripción de El Ferrol.* Reed. Pontedeume 1972, páx. 104 e ss.

[2] AMF, 418, Libro de actas, (8-1-1850), páx. 2.

[3] AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, /5-1-1832), páx. 1.

[4] VAREY, J.E.: *Los títeres y otras diversiones populares de Madrid: 1750-1840, Estudio y Documentos*. Tamesis Book Limited, London 1972, páx. 264.

[5] AMF, Espectáculos, teatros y plazas de toros, 726, A3, papeis soltos.

[6] AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, /5-1-1832), páx. 24v.

[7] AMF, Actas do concello de Ferrol, 402, /5-1-1832), páx.31.

[8] AMF, Ateneo y Liceo de Artesanos, 721, 1861, papeis soltos.

[9] AMF, Actas do concello de Ferrol, 418, (8-XII-1850), páx. 146.

[10] AMF, Tertulia de Confianza, papeis soltos.

[11] AMF, Ateneo y Liceo de Artesanos, 721, 1861, papeis soltos.

[12] AMF, Espectáculos, teatros y Plazas de toros, 726, 1868, papeis soltos.

[13] AMF, Obras 176, (1873-74), papeis varios.

[14] AMF, Asociacións 725, Construcción do Teatro Circo. 1878, papeis soltos.

[15] AMF, Asociacións 721, Ateneo y Liceo, 1879, Notificación ao alcalde da fundación do Ateneo de Ferrol, papeis soltos.

[16] AMF, Asociacións 721, Ateneo y Liceo, 1879, Libramento, nº 14, Pago do aluguer do Ateneo de Ferrol, papeis soltos.

[17] AMF, 715, 1884, papeis soltos.



Informamos a tod@s @s usuari@s das dependencias da nosa entidade que dende hoxe contan con servizo WIFI.

Que é a WIFI? No uso moderno, wireless refírese á comunicación sen aremes ou fios e usa principalmente frecuencia de radio e ondas infra-vermellas. Por exemplo, internet sen fio ou Wlan. O funcionamento do 'Wi-Fi' é simple. Para ter acceso á Internet a través dunha rede Wi-Fi (tamén coñecida como Wlan) débese estar no radio de acción dun punto de acceso (normalmente coñecido por hotspot) ou lugar público onde opere unha rede sen fios e usar un dispositivo móbil, como un computador portátil, un Tablet PC ou un asistente persoal dixital con capacidades de comunicación Wireless.



A *CASA DE SERANTES* ENTRE OS SÉCULOS XV E XVI

«Si buscáis desde más antes | de David la descendencia, | no hallareis preeminencia | sobre el solar de Serantes».


J. S. CRESPO DEL POZO
Blasones y Linajes de Galicia.

por Francisco Dopico Blanco
Ferrol, 2009

No século XV os Serantes conformaban unha das pequenas estirpes nobiliarias que ficaban dende tempo inmemorial na comarca ferrolá, compartindo espazo cun rosario de liñaxudos apelidos: Andrade, Bugueiro, Chanteiro, Esquío, Ferrol, Lago, Leiro, Mandiá, Piñeiro, Pita, Sillobre, Tenreiro, Trasancos, … Como veremos, os fidalgos da Casa de Serantes aparecen nos manuscritos repetidas veces, ben como protagonistas ou como testemuñas, asomando incluso á narración cronística[1].

A *casa* patrucial da liñaxe, sita moi perto da igrexa parroquial de San Salvador de Serantes, derrubouse na década dos 70 da pasada centuria. Na súa ubicación secular atópase agora a *Escola Universitaria Politécnica*.

Malia esta perda patrimonial, aínda se conserva no extremo sur do actual cemiterio parroquial a *capilla dela Casa de Serantes*[2], como a titulaba unha descendente da liñaxe a finais do século XVI. Algúns dos seus elementos arquitectónicos suxiren unha construción do século XV. Sen embargo, outros converxen cara á primeira metade do XVI[3]. De tosco aspecto exterior, a capela presenta unha forma cuadrangular reforzada por grosos contrafortes exteriores, con interesantes detalles no interior, como a nervadura da bóveda e restos de pinturas murais nos paramentos, ou a lápida co epígrafe e armas de **¿Afonso de Serantes?** (¿† c.a. 1440?). Todo isto á espera dun estudo rigoroso por parte de especialistas. Con respecto á lapida citada, cabe a sospeita de que estea desubicada do seu emprazamento orixinal que, probabelmente, nunca foi nesta capela, se non na vella igrexa parroquial, en ruinas a mediados do século XIX[4]. As medidas da peza impiden, asemade, a proposta de que se localizase primitivamente dentro dalgún dos nichos laterais da capela, xa que excede en dimensións ós ocos destes. A maiores, a nula testemuña documental na que apoiar a súa pertenza primitiva á capela, xunto coa referencia á antiga igrexa parroquial como lugar de enterramento de varios **Señores da** ***Casa de Serantes***[5], inciden nesta idea.



1. Planta e alzado da capela de Serantes[6].



Aínda que o presente traballo se centra sobre os **Serantes** dos séculos XV e XVI, debemos retroceder á decimoterceira centuria para constatar a existencia singularizada desta liñaxe. A singularización –como a doutras tantas estirpes– se detecta na adopción dun apelido de orixe toponímica como sinal distintiva de identidade. Apelido, polo xeral, ligado ó lugar onde se erixía a casa solarenga. O uso dos apelidos toponímicos, como rasgo diferencial das liñaxes, comeza a tomar forma no século XII, alcanzando a súa gran expansión nos seguintes[7]. Este costume adoitouse por igual tanto por magnates como por fidalgos, se ben é neste último estamento onde se observa unha maior tendencia a este comportamento. En sincronía, a mediados do XIII aparece o *Libro de las Siete Partidas*, redactado baixo a inspiración do rei Afonso X, que proporcionou unha definición xurídica da nobreza ou, en palabras da historiadora Marie-Claude Gerbet, *más exactamente, de su nivel inferior, ya que magnates e hidalgos probaban su nobleza de la misma manera*[8].

Esta identidade como liñaxe se proba para os **Serantes** en 1234, a través do cabaleiro ou *miles* **Fernando Múniz de Serantes**[9]. Máis cumpridamente, aínda, no fidalgo **Fernán Bermúdez de Serantes**, que no seu testamento do ano 1291 pedía ser enterrado no mosteiro de Santa María de Sobrado, *polo moito aver que dél ouve*[10].

Agora ben, do século XV en diante non é posible esbozar unha aproximación histórica á ***Casa de Serantes*** se non temos en conta o que imos dar en chamar, de xeito convencional, o «efecto Andrade». Con isto, nos referimos á medra, afianzamento e proxección socio-política da *Casa de Andrade* na área nor-coruñesa, resultado xermolo da reformulación señorial que se estendeu ata os máis recónditos lugares dos reinos norteños da Península, tras a guerra dinástica de 1366-69.

A omnipresencia do «efecto Andrade» deixouse sentir no comportamento político e social da pequena nobreza da comarca. Así, os **Serantes** constitúen unha boa mostra do que relataba o cronista Vasco da Ponte con respecto ó poderío emerxente dos *Señores de Andrade*, dende as décadas finais do s. XIV: a sumisión evidente –forzosa ou non– dos fidalgos coterráneos[11]. Velaquí que, na terceira década do século XV, temos xa a evidencia documental do clientelismo vasalático establecido entre a *Casa de Andrade* e a ***Casa de Serantes***, figurando os de Serantes como escudeiros da primeira.

Pero, se unha das vías para o seguemento dos **Serantes** transcorre a carón dos *Señores de Andrade*, outra pasa necesariamente polo opulento mosteiro de Santa María de Sobrado, con abundantes posesions no actual concello de Ferrol, materializadas en herdades, grañas e coutos.

Precisamente, un pequeno couto pertencente ó patrimonio deste mosteiro, o de **Serantellos**, sito dentro dos lindes da freguesía de Serantes[12], resulta peza esencial para entender a progresión da liñaxe. Este couto, coa súa xurisdición civil e criminal, permanecería en mans dos sucesivos **Señores da *Casa de Serantes***, en calidade de foro de Sobrado, durante todo o século XV e a primeira metade do XVI, ata súa rescisión e novo aforamento a unha saga familiar recén instalada cabo dos **Serantes**: os **Valerio**[13]; que partían dunha orixe nebulosa e buscaban o acceso á nobreza a través da carreira xurídica e o emparentamento con familias da fidalguía local, cuxo fundador foi o licenciado e avogado da Real Audiencia **Alonso Valerio** († a. 1561).

Expostos os prolegómenos, atenderemos agora ós sucesivos titulares que ocuparon a xefatura da *Casa de Serantes* entre os séculos XV e XVI.

No amencer do século XV, un escorregadizo **Xoán de Serantes** e seu sobriño **Afonso Tenreiro** levaban en foro do mosteiro de Xuvia varias herdades na freguesía de Serantes[14]. A sinóptica nota que os rexistra non os identifica suficientemente. Pero, atendendo á cronoloxía, cabe a posibilidade de que poidera tratarse do mesmo persoeiro que veremos a continuación.

Xoán ¿Afonso? de Serantes *o Vello* († ¿c.a. 1440?)

Pola terceira década do século XV, o **Señor da *Casa de Serantes*** levaba o nome de **Xoán** e se auto-definía como escudeiro de Pedro Fernández de Andrade[15]. Dous pergameos dos anos 1434[16] e 1435[17] proporciónannos unha oportuna información sobre este fidalgo, que mantiña unhas excelentes relacións co mosteiro de Sobrado. En ambos, aparece co-actuando co monxe frei Álvaro de Compostela, *obenzal*[18] das grañas de Brión e de Reparada. Ó tempo, podemos supoñerlle a este Señor da *Casa de Serantes* un certo estatus de relevancia dentro do estamento privilexiado da comarca. Relevancia que se referenda na presencia documental dun pequeno séquito clientelar: *Vasco Sanjurgo, ome de Juan de Sarantes*, e de *Juan Tenreiro, escudeiro do dito Juan de Sarantes*.

Á mesma época pertence tamén a lápida do enigmático **Afonso de Serantes** († ¿c.a. 1440?), que chegou fragmentada ós nosos días[19]. Este persoeiro finou nun crítico *ano da mortandade* e, tal vez,



2. San Salvador de Serantes. Capela da *Casa de Serantes* (fot. actual).





3. Capela de Serantes. Lápida de ¿Xoán? Afonso de Serantes († ¿c.a. 1440?)

o poidamos identificar co mesmo **Xoán de Serantes *o Vello*** do que estamos a falar. Do propietario da lápida, tan só coñecemos o breve epígrafe obituario[20] e o seu escudo de armas[21], alí gravados. Velaquí o texto da inscrición, ata onde é posible a lectura, dada a rotura da peza:

(…) : AFONSO : DE : SARÂTES |
QÊE : SE : FI | NÔ : ENNO : ANÔ :
DA : MORTANDADE | MCCCC (…)

No encabezamento do epígrafe, xusto onde podería haber un patronímico, atopámonos coa fractura da pedra. Ofrécesenos entón a hipótese de que tal vez a este **Afonso de Serantes** lle falte o seu verdadeiro nome. Polo tanto: ¿Poderíamos estar ante a lápida dun **Xoán Afonso de Serantes**?. E, xa que logo: ¿Debemos considerar a posibilidade de identificalo como o mesmo **Xoán de Serantes *o Vello***, que referimos como Señor desta *casa* nos anos 1434 e 1435? … A proposta é arriscada, pero non por iso imposible. Se cadra, e como mero exercicio de hipótese, o epígrafe orixinal puidera ser similar á reconstrución que segue:

[AQÉI : JAZ : JOHÂ :] AFONSO :
DE : SARÂTES | …

GONZALO DE SERANTES (mediados do s. XV)

Ata o presente, non se tiña ningunha testemuña que situase a un persoeiro deste nome dentro da *Casa de Serantes*. Sen embargo, unha breve pero indiscutible alusión nun pergameo referido ó seu fillo, **Roi**, certifica a natureza deste **Gonzalo de Serantes**, ó que hai que engadir á nómina dos Señores desta *casa*. Ningún dato máis, salvo dar nova da súa existencia, podemos aportar polo de agora.

ROI DE SERANTES († c.aa. 1480-85)

Os manuscritos veñen a descubrirnos a singular relación de simbiose acadada entre os monxes cistercienses de Sobrado e os **Serantes**, presentándose estes como valedores dos intereses do mosteiro no contorno ferrolán. Actitude recompensada pola comunidade con suculentos foros e prebendas concedidas á *casa*.

No ano 1467 atopamos a un novo Señor da *Casa de Serantes*. Trátase de **Roi de Serantes**, *escudeiro, fillo de Gonçalvo de Sarantes, defunto que Deus aja*. Polo entón, **Roi** xa estaba casado con **Beatriz de Andrade**[22]. O matrimonio obtén nese ano un xeneroso foro de Sobrado[23], que merece a pena expoñer detidamente polos prolixos datos que nos ofrece.

No documento, o abade relata como **Roi de Serantes** tiña do mosteiro *moytas herdades, casas e casares, e vynnas et outras cousas a nos e ao dito noso mosteiro perteeçentes por foros dos abades noso anteçesores*, que o escudeiro aceptara desembargar, con toda seguridade por expirar nel o foro. *Et eso mesmo o foro que tíades do sennorío e serviços, e rentas e loytosas, do couto de Sarantes, et do lugar de Paaços e Vilasanche. Por ende, nos (…) outorgamos et conosçemos que por estes beenes e cousas e vinnas, (…) et senorío que nos así desenbargastes (…), aforamos a vos o dito Ruy de Sarantes, por en todos los días de vosa vida et de un voso fillo ou filla que ouverdes con vosa moller Beatris d'Andrade (…), todas las vinnas da Cabanna de Brión, des lo rig[u]eyro de soo da dita Cabanna ata as vosas vynnas da barra, et os casares de Pescante, et de Vilela ,et de Ferreiros, et os casares das Teixoeiras, (…) e Pousada, et as herdades d'Esmelle, et as herdades de Valóeen, et as herdades (…) de Brión (…), según que estas erdades et casares sobre ditos soýades levar vos et vosos anteçesores et ¿herdades? de Sarantes, que soýades ter et levar vos et vosos anteçesores eno dito sennorío, a-rendas del, do dito couto de Sarantes, et de Paaços e Vilasanche, que perteeçen ao dito noso mosteiro de Santa María de Sobrado.* A cambio deste sustancioso arrendamento, **Roi** e **Beatriz** debían pagar anualmente *çento et veynte maravedís vellos* ó mordomo da granxa de Brión, *et despoys vosa morte que voso fillo pag[u]e en cada ano dozentos maravedís vellos, e máys en vosa vida e de voso fillo que avedes de pagar aa dita granna de Reparada et ao ovençal dela oyteenta maravedís vellos en cada anno, todo esto por día de San Martynno en cada anno, et avedes de faser reparar et (…) todas la ditas vynnas et casares e herdades enno dito tenpo aa boa fe, e sen maao enganno e sen maliçia (…)*[24].

No ano 1470 atopámolo obrando como xuiz árbitro nunha avinza sobre a propiedade dos casares de Castrillón[25] en San Vicenzo de Meirás, Valdoviño. Neste contencioso entre o prior do mosteiro de Xuvia don Antón López de Chanteiro e Gonzalo Tenreiro, **Roi** se identifica como *escudeyro do dito sennor Fernán Péres*[26].


Aínda localizamos ó noso escudeiro a comezos do mes de febreiro de 1479 *enno seu couto de Sarantellos*[27]. O seu falecemento acontecería de alí ó pouco.

Roi de Serantes pasou á historia non só na documentación notarial, se non tamén na famosa obra cronística de Vasco da Ponte, onde se di que era escudeiro de *acostamento* de Diego de Andrade († a. 1490), ó que servía *con tres de su casa*, finando en vida deste[28].

Fillos de **Roi de Serantes** e de **Beatriz de Andrade** foron:

1.- Xoán de Serantes, que segue a liña.

2.- María Oanes de Serantes, que casou co escudeiro **Pedro de Lago** e foron veciños de Obaño, Mugardos, con sucesión[29].



4. ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL. Manuscrito do mosteiro de Xuvia onde Roi de Serantes figura como xuiz arbitral nunha avinza, a. 1470

3.- Gómez Freire de Serantes, que casou con **María Díaz**. No ano 1524 o mosteiro de Sobrado renovoulle un foro[30] sobre unhas herdades en Brión que antes levara o seu pai. Polo mesmo manuscrito sabemos que polo aquel entón era veciño de Santiago de Lago, Valdoviño.

XOÁN DE SERANTES ***o Novo*** (último tercio s. XV e comezos do XVI)
Ó igual que a meirande parte dos seus contemporáneos, tivo unha presenza activa na *Guerra de Granada*. Xa logo, entre finais de 1502 e 1505, **Xoán de Serantes** participa nas campañas bélicas de Italia como un dos *hombres d'armas* da capitanía do conde don Fernando de Andrade, tomando parte na famosa *batalla de Seminara* (a. 1503) xunto con outros fidalgos da comarca[31]. No ano 1517 asemella que aínda era vivo, segundo se desprende dunha breve cita documental[32].

Nunha información do s. XVIII dise que estaba casado con **Tareixa González Piñeiro**, á que se fai descendente *de la esplicada Casa y fortaleza de Narahío*. Pero esa afirmación debemos de poñela baixo corentena, mentres non se demostre verdadeira con documentos fiables.

Ó igual que o seu pai e devanceiros, **Xoán de Serantes** mantivo un estreito contacto con mosteiro de Sobrado, do que obtivo foros de pingües beneficios. Nun manuscrito de 1541, anos despois da súa morte, os freires do Cístel o lembraban expresando *que por quanto Juan de Serantes, que es en gloria, tenía de nos en fuero el nuestro coto de Serantellos, con su senorío y jurisdiçión, y basalaje sevil y criminal, pechos y derechos, e otras vinas e eredades y casares y montes, sitos en el dicho coto y al alrededor, el qual tenía por su vida y más una boz, la qual boz es Beatris de Serantes, su hija, muger que es de Gómez Freire (…)*.

Fillos de **Xoán de Serantes *o Novo*** foron:

1.- Beatriz de Serantes, que segue a liña.


2.- Lois de Serantes, que figura xunto coa súa irmá **Beatriz** nunha carta de venda do ano 1542[33].

3.- Gabriel de Serantes, alcalde de Ferrol entre as décadas de 1530-40.

BEATRIZ DE SERANTES († c.aa. 1545-50)
Casou con **Gómez Freire de Andrade**[34], que figura como alcalde de Ferrol en varios documentos das décadas 1530-1540. En 1541, **Beatriz de Serantes** recibía do abade e monxes de Sobrado a confirmación da segunda voz no foro do couto de Serantellos, coa condición de pagar por canon anual dous mil maravedís e que, tras o seu pasamento, *o en otra qualquiera manera, todos susodichos vienes suçedan en el dicho liçençiado Valerio*[35]. **Beatriz de Serantes** e **Gómez Freire de Andrade** fundaron o vínculo da *Casa de Serantes*[36]. Deste matrimonio foron fillos:

1.- Estevo Freire de Andrade e Serantes, que segue a liña.

2.- Aldonza Núñez de Serantes, que casou co escribán **Xoán de Vergara *o Vello***. Destes quedou por fillo **Xoán de Vergara e Serantes**, capitán e veciño de San Xurxo de Moeche na primeira metade do século XVII[37].


5. Capela de Serantes. Lintel de entrada co escudo da *Casa de Serantes*, moi erosionado, ¿s. XVI?


6. Capela de Serantes. Armas da *Casa de Serantes* na bóveda da capela, ¿s. XVI?

3.- Maior Freire de Serantes, de quen foi filla **María Freire**.

ESTEVO FREIRE DE ANDRADE E SERANTES ***o Vello*** (mediados e 2ª. metade s. XVI)
No ano 1542 testemuña nun documento xunto ós seus pais. A mediados de século figura en varias ocasións como alcalde de Ferrol. Casou con **María de Montenegro**, descendente da *Casa dos Sanxurxo Montenegro* na xurisdición de Cuchín, Lugo. Foron fillos deste matrimonio:

1.- Pedro Fernández de Andrade e Serantes, que segue a liña.

2.- Estevo Freire de Andrade e Serantes *o Novo*, alcalde e rexedor de Ferrol nas primeiras décadas do século XVII. Tivo dous matrimonios, un con **María López** [**de Aguiar**] e outro con **Isabel Fernández**[38] († c.a. 1606), da que quedaron por fillos un novo **Estevo Freire de Andrade** e **María de Andrade**, a quen a súa nai mellorou no 1/3 e 1/5.

3.- Beatriz de Andrade († a. 1597), que casou co escribán **Luis Arias Gutiérrez** († a. 1618), sen sucesión. Polo seu testamento sabemos que mandou ser enterrada *en la capilla de la Casa de Serantes, en la sepultura donde está sepultado Pedro Fernández de Andrade, mi hermano*[39].

4.- María de Andrade, que casou con **Xoán Tenreiro**. Con sucesión.

5.- Francisco Freire de Serantes († a. 1601), crego. Finou *ab in testato*.

6.- Xoán de Serantes, crego rector de San Martiño de Covas, Ferrol.

PEDRO [FREIRE] FERNÁNDEZ DE ANDRADE E SERANTES (segundo tercio s. XVI)
Estivo poucos anos ó frente da Casa, xa que finou relativamente novo. Casou con **María Piñeiro de Naraío**, filla dos señores da *Casa de Franza*[40], Mugardos. Do matrimonio entre **Pedro Freire** e **María Piñeiro** quedou por filla única **dona María de Andrade**, que segue a liña.

DONA MARÍA DE ANDRADE E SERANTES (finais s. XVI e 1ª. metade do XVII)
Casou co capitán **Diego Pita da Veiga**[41]. Do matrimonio entre **dona María** e o capitán **Pita da Veiga** quedaron dúas fillas, que foron:

1.- Dona Mariana Pita da Veiga e Montenegro, Señora da *Casa de Seran-*




tes, que casou con **don Pedro Pardo Montenegro** e non tiveron descendencia[42]. Outorgaron testamento[43] conxunto en Serantes no ano 1690, nomeando como herdeiro e sucesor ó seu sobriño **don Bartolomé Blanco de Andrade**, fillo de **dona Xacinta Pita da Veiga** e **don Francisco Blanco Figueroa**.

2.- Dona Xacinta Pita da Veiga Montenegro, que casou co capitán **don Francisco Blanco Figueroa e Andrade**, fillo dos Señores da *Casa de Callobre*, en Miño. Fillos de **dona Xacinta** e **don Francisco** foron:

2.1.- Don Bartolomé Blanco de Andrade Figueroa, que herdou e sucedeu na *Casa de Serantes* á súa tía **dona Mariana.** Casou con **dona Rosa de Lago Saco e Quiroga**, con sucesión.

2.2.- Don Diego Lorenzo de Figueroa Andrade.

2.3.- Dona Andrea Margarita Pita Montenegro.



7. Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol. Venda dunha herdade por Beatriz de Serantes e Gómez Freire de Andrade ó rexedor Alonso Bugueiro de Parga e a señora Clara Fernández de Mandiá, a. 1542

RELACIÓN XENEALÓXICA DA SUCESIÓN DOS SEÑORES DA *CASA DE SERANTES*. SÉCULOS XV Ó XIX

Etapa ó fronte da Casa	*Señor ou Señora titular da Casa de Serantes e matrimonio*	*Óbito*
Primeiro tercio s. XV	Xoán [¿Afonso?] de Serantes c.c. ≈ ¿?	† c.a. 1440
Mediados s. XV	Gonzalo de Serantes c.c. ≈ ¿?	† ¿c.a. 1460?
Entre 1460-1485 aprox.	Roi de Serantes c.c. ≈ Beatriz de Andrade	† c.a. 1480-85
Entre 1485-1520 aprox.	Xoán de Serantes c.c. ≈ ¿Tareixa González Piñeiro?	† c.a. 1520
Entre 1520-1550 aprox.	Beatriz de Serantes c.c. ≈ Gómez Freire de Andrade	† c.a. 1550
Entre 1550-1575 aprox.	Esteban Freire de Andrade e Serantes *o vello* c.c. ≈ María de Montenegro	† c.a. 1575
Entre 1575-1586 aprox.	Pedro Fernández de Andrade e Serantes c.c. ≈ María Piñeiro de Naraío	† a. 1586
Entre 1586-1650 aprox.	Dona María de Andrade e Serantes c.c. ≈ *capitán* Diego Pita da Veiga	† c.a. 1650
Entre 1650-1700 aprox.	Dona Mariana Pita da Veiga e Montenegro c.c. ≈ don Pedro Pardo Montenegro	† c.a. 1700
Entre 1700-1740	Don Bartolomé Blanco de Andrade e Serantes c.c. ≈ dona Rosa de Lago Saco e Quiroga	† c.a. 1740
Entre 1740-1780	Don José Blanco de Andrade e Figueroa c.c. ≈ dona Juana V. Somoza e Rojas	† c.a. 1780
Entre 1780-s. XIX	Don Ramón Blanco de Andrade Somoza e Rojas c.c. ≈ dona Francisca J. Maldonado e Bermúdez de Castro	† s. XIX



Notas

[1] Vasco de Aponte, *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1986, pp. 143-144 (Casa de Andrade).

[2] Ó igual que outras moitas persoas, investigadores e colectivos, dende estas liñas volvo a chamar a atención as administracións públicas e os xestores do patrimonio eclesiástico da diócese mindoniense sobre o grave deterioro que está a sufrir esta lonxeva e singular edificación, cuxa perda hoxe por hoxe só pode ser atribuida a unha arrogante mostra de irresponsabilidade ou a unha máis que inxustificable ineficacia na xestión do patrimonio artístico e histórico. Tomen nota os responsables, actúen consecuentemente, e non se escuden solapadamente en artimañas administrativas sempre oportunistas.

[3] Unha das primeiras descricións -se non a primeira- sobre esta capela foi da autoría de Santiago de La Iglesia, «Ferrol arqueológico», en *Anuario Ferrolano para 1902*, Ferrol, 1901; inmediatamente seguido do artigo «Epigrafía ferrolana», atribuible ó polígrafo Leandro de Saralegui y Medina, en *Almanaque de Ferrol … para 1906*, Ferrol, 1905. Despois deles, outros trataron de datar a capela en función dos elementos arquitectónicos, heráldicos e lapidarios conservados, incorrendo en confusas e asincrónicas aseveracións. Mais porén, case que todas estas opinións carecen da rigorosidade metodolóxica desexable e obedecen a uns nimios coñecementos de arte, epigrafía e heráldica, así como demostran unha profunda ignorancia cabo das fontes documentais relativas a esta *casa* e outros tantos temas.

[4] Pascual Madoz no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* (t. XIV), 1849, informa daquela que a igrexa parroquial de Serantes estaba en ruinas, e que se estaban a colocar os cimentos da nova. Logo, Eugenio Carré Aldao sitúa o ano 1865 como o da entrada en funcionamento do novo templo, *Geografía General del Reino de Galicia* (tomo III, La Coruña) -obra global dirixida por F. Carreras Candí-. Ediciones Gallegas, S. A., A Coruña, 1980, vol. IV.

[5] Por exemplo, o capitán Diego Pita da Veiga e a súa filla dona Mariana Pita da Veiga e Montenegro, Señora da *Casa de Serantes* na segunda metade do s. XVII. Arquivo do Ilustre Colexio Notarial da Coruña (en diante ACNC), Protº. 252/5/1679/Ferrol/Cobas Mosquera, I.

[6] Vv. aa., *Arquitecturas da Provincia da Coruña: Ferrol (vol. XIV)*, Deputación Provincial da Coruña, 2001.

[7] Diversos investigadores xa teñen reparado con anterioridade no fenómeno da toma de identidade das liñaxes a través do apelido toponímico. Se ben, este asunto está a ser revisado nos últimos anos con sumo coidado baixo novas análises e perspectivas. Valga como exemplo o recentísimo traballo de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, «Identidad y memoria genealógica. Una aportación al estudio de la antroponimia medieval gallega», en *Anuario de Estudios Medievales*, vol. 39, nº. 1, enero-junio 2009, CSIC – Institución Milá y Fontanals, 2009.

[8] Marie-Claude Gerbet, *Las noblezas españolas en la Edad Media. Siglos XI-XV*, Alianza Editorial, Madrid, 1997.

[9] José Ignacio Fernández de Viana y Vieites, María Teresa González Balasch, Juan Carlos de Pablos Ramírez, «El Tumbo de Caaveiro (2ª. parte)», en *Cátedra* nº. 4, Pontedeume, 1997, docº. 161.

[10] César Vaamonde Lores, *Ferrol y Puentedeume … durante los siglos XII-XIII-XIV*, A Coruña, 1909, docº. xl.

[11] *Falemos del estado de la casa de Fernán Pérez. Tenía buenos quarenta escuderos; estos eran de la tierra. Traía continuos treinta o ventiçinco (quando menos veinte), quarenta o çinquenta peones, muchos pajes y moços de cámara, con todos los ofiçios que entonçes podía traer un gran señor (…). Y todos tenían por bien de tener dél su carta, porque cualquier que pasaba contra su carta, o lo pagaba muy bien o le dejaba la terra. De manera que todos le temían*. Aponte, ob. cit., pp. 135 e 140 ('Casa de Andrade', 104 e 111).

[12] Igual que a meirande parte da comarca, San Salvador de Serantes pertencía ós dominios patrimoniais dos *Pétriz*-Froilaz, quenes recompensaron longamente a varias comunidades monásticas con múltiples propiedades durante os séculos centrais da Idade Media. Así, vemos como no ano 1114 dona Visclavara Froilaz, *Dei ancilla*, irmá do conde don Pedro Froilaz, outorgaba unha espledinda doazón ó mosteiro de San Martiño de Xuvia, pola que lle entregaba a metade da igrexa de San Salvador de Serantes con todas a as herdades e vasalos a ela suxeitos. Non moitos anos despois, o seu sobriño o conde don Fernando, *prolix Petris*, xunto cunha das fillas que tivera coa raíña dona Tareixa de Portugal, chegaban a un acordo co mosteiro de Xuvia, e trocaban diversas herdades e vasalos nos coutos de Caranza e Caranzoa, así como 1/4 parte da igrexa de Santiago de Franza máis unha herdade, a cambio da devandita metade da igrexa de Serantes, herdades, e homes *quam ibi dedi vobis domina Visclavara pro remedium anime sue*. Santiago Montero Díaz, *La colección Diplomática de San Martín de Jubia (977-1199)*, Impr. 'El Eco Franciscano', Santiago de Compostela, 1935, docº. xxii e xxxv.

[13] Así, no ano 1541 o abade e comunidade de Sobrado estipulaban con Beatriz de Serantes que, tras o seu pasamento, habería de expirar definitivamente o foro sobre o couto de Serantellos que herdara do seu pai Xoán de Serantes, e que *en otra qualquiera manera todos susodichos vienes suçedan en el dicho liçençiado Valerio*. No mesmo documento, os frades comprometíanse co licenciado a facerlle un novo foro, *para en todos los días de buestra vida y de un buestro ijo o nieto lejítimo, el dicho nuestro coto de Sarantellos, con todos sus caseros y basallos y vezinos, y jurisdiçión çevil y criminal, alta y vaja, mero e misto ynperio, pechos y derechos, y lo más todos los otros casares y binas, eredades, montes y prados …*

[14] Andrés Pena Graña, *Narón, un concello con historia de seu* (vol. II, Idade Media), Narón, 1993, pp. 530-531.

[15] Señor da *Casa de Andrade*, fillo maior sucesor de Nuño Freire *o Mao* († a. 1431). Este Pedro Fernández gobernou pouco tempo, xa que finou en 1435, catro anos despois que o seu pai.

[16] Arquivo do Reino de Galicia (en diante, ARG), Pergameos, 371. Foro en tercias partes a tres matrimonios, sobre unha vasta leira a chantar de viñedos na freguesía de Santa María de Brión, outorgado en Brión o 04/05/1434 polo *obenzal* frei Álvaro de Compostela e confirmado por Xoán de Serantes, que levaba a dita leira con anterioridade en foro do mosteiro e fixera un sub-arrendo a un dos novos foreiros.

[17] ARG, Pergameos, 378. Sub-foro dunha praza na rúa de Curuxeiras en Ferrol para edificar unha casa, outorgado en Brión o 17/¿07?/1435 por Xoán de Serantes con ratificación do *obenzal* frei Álvaro de Compostela.

[18] *Obenzal* ou *ovenzal*. Cargo equivalente ó de mordomo ou delegado, con plenos poderes para rexer naqueles asuntos ou negocios da súa responsabilidade.

[19] Irrecuperable no que respecta á totalidade do epígrafe. Cómpre salientar que ningún dos Serantes posteriores portaron o nome de Afonso, pero si o de Xoán. Isto pode ser un indicio da identidade do seu propietario, dado o costume usual de utilizar os nomes dos devanceiros en xeracións seguintes ou alternas.

[20] Sabemos que cando escribía Santiago de La Iglesia (v. n. 3), a comezos do s. XX, o epígrafe xa estaba incompleto debido á rotura no seu encabezamento e final, o cal podería ser resultado dun anterior traslado da lápida dende outro lugar. De todos xeitos, toda a peza, e moi sensiblemente o rexistro epígráfico, sufriron un terrible deterioro nas últimas décadas, principalmente pola utilización da capela como almacén para as obras do cemiterio parroquial.

[21] Escudo apuntado, sen ornamentación nin timbre. No campo do escudo, un tenreiro pasante colocado (en xeito inusual) de punta a xefe. A figura heráldica do tenreiro forma tamén as armas *parlantes* alegóricas a liñaxe trasanquesa dos Tenreiro, emparentados sen dúbida cos Serantes, se é que non aluden a unha mesma orixe común. Asemade, entre outros exemplos, atopamos o tenreiro nas armas de Vasco de Chanteiro († a. 1527), na igrexa de Caamouco, Ares, ou no escudo do protonotario Pedro Díaz Tenreiro, fundador no ano 1526 da capela de Santa Ana na igrexa de San Nicolás de Neda, aínda que neste caso o tenreiro está *cargado* sobre unha árbore e pode ser resultado da fusión de armerías dos Tenreiro cos Piñeiro. Sobre estes aspectos, Fernando Dopico Blanco, «Heráldica na comarca de Ferrol: Algúns exemplos da súa evolución», en *Atenea* nº. 21, Ferrol, 2005.

[22] Malia todo, polo de agora carecemos de datos para establecer a filiación xenealóxica desta señora. Se ben, a teor do apelido, podemos



supoñela *a priori* en relación de parentesco coa *Casa de Andrade*. Nesta cuestión resulta de interese salientar o expediente titulado: *Ynformación de nobleza de Don Domingo Joaquín Baca y Leon, recivida a testimonio del escrivano Domingo Antonio Sanchez en el año de 1761*, que se conserva no Arquivo Municipal de Ferrol, c. 753, expte. 5; onde se relata a saga xenealóxica dos Señores da *Casa de Serantes* ata o século XVIII, comezando precisamente por Roi de Serantes, ó que se lle adxudica como muller a unha María de Andrade, que no referido expediente fan pasar como hipotética *hermana del primer Conde de Andrade*. Evidentemente, o informante (que o era don Bartolomé Blanco de Andrade, cura de San Martiño de Covas e tamén descendente da *Casa de Serantes*) erra no antropónimo e tamén na suposta filiación -máis que improbable- coa que etiqueta a esta señora. Agora ben, é exacto no referente o apelido. O mesmo caso de precaución e reparo debemos aplicar as filiacións e nomes de Tereixa González Piñeiro e Fernando de Andrade, que se nos citan como cónxuxes das seguintes xeracións. Escolma deste expediente en Carlos de Aracil Rodríguez, *Documentación genealógico-nobiliaria del Archivo de Ferrol*, 'Librería del Campus', Ferrol, 1999, pp. 190-192.

23 ARG, Pergameos, 414. Foro outorgado en Brión o 29/06/1467 por don Rodrigo Núñez, abade do mosteiro de Sobrado, sobre varias herdades e bens sitos en Serantes, Brión e outras freguesías, a favor de Roi de Serantes e a súa muller Beatriz de Andrade, e máis dun fillo ou filla que nomeasen como herdeiro.

24 ARG, Pergameos, 414.

25 Arquivo Histórico Nacional, Clero, Secular Regular, L. 6585 (mosteiro de Xuvia). Carta de compromiso e avinza outorgada en Ferrol o 05/08/1470 entre o prior de Xuvia don Antón López de Chanteiro e Gonzalo Tenreiro, no contencioso que mantiñan sobre a propiedade dos casares de Castrillón en San Vicenzo de Meirás, Valdoviño.

26 Fernán Pérez de Andrade *o Mozo* († a. 1470), Señor da *Casa de Andrade*.

27 Arquivo do Pazo de Aranza, Lugo, Mazo 3º. de Mandiá, legº. 1, n. 1. Pescuda e declaración de testemuñas efectuada en Serantes o 03/02/1479 a petición de Pedro Tenreiro como neto de Sancha Núñez, sobre as herdades *«da voz de Párraga»* sitas no couto de Serantellos, segundo que *Pedro Tenrreiro avía enna vos de Párrega outro tanto como avía Roy de Sarantes*.

28 Aponte, *ob. cit.*, pp. 143-144 (Casa de Andrade).

29 Fernando Dopico Blanco, «Historia xenealóxica dos Lago de Obaño e Barallobre nos séculos XV e XVI», en Cátedra nº. 14, Pontedeume, 2007, pp. 205-207.

30 ARG, Particulares, Eclesiásticos, 703/14.

31 José García Oro, *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.

32 Arquivo do Pazo do Monte (en diante APCM), Ferrol, c. doc. soltos, legº. 61 (s. ant.). Carta de declaración de herdades en Serantes, outorgada o 20/04/1517.

33 APCM, c. Leixa, carpª. 38 (s. ant.). Carta de venda de herdades en Leixa outorgada en Ferrol o 13/04/1542 por Beatriz de Serantes, *muger de Gómez Freire de Andrade, alcalde dela dicha villa (...) según que le pertenesçía por herençia de su padre Juan de Sarantes, defunto que sea en gloria, que la comprara a Ares Pita y se parte con los herederos de Alonso Pita, vezino que fue dela villa de Neda (...), estando presentes por testigos el dicho Gómez Freire d'Andrade y Estebo Freire d'Andrade, su hijo (...)*.

34 ¿Descendente da *Casa de San Sadurniño*?. Nun traballo anterior se propuxo a identificación con Gómez Pérez de Andrade, fillo das segundas nupcias de Fernando de Andrade, Señor de *San Sadurniño*, con dona Berenguela das Mariñas. Ver, Fernando Dopico Blanco, «Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño (séculos XV ao XVIII)», en *Cátedra* nº. 13, Pontedeume, 2006. Sen embargo, un exame máis detido de varios aspectos e, principalmente, das cronoloxías vitais destes persoeiros, impoñen na actualidade certas dúbidas e reparos a este posible trasunto. De paso, sinalar que no xa citado expediente do AMF (v. n. 22) se lle adxudica a este persoeiro o nome de *don Fernando de Andrade, primer fundador de la Casa de los Marqueses de San Saturnino*. Malia a confusión do nome e filiación do persoeiro, non cabe dúbida dunha certa coincidencia casual.

35 Trátase do licenciado Alonso Valerio († a. 1561), relator da Real Audiencia de Galicia e fundador do vínculo dos Valerio e da *Casa de Serantellos*, en San Salvador de Serantes.

36 Sucinta noticia desta fundación, xunto coa da desaparición ou roubo de papeis antigos, no testamento de dona Mariana Pita da Veiga e Montenegro, Señora da *Casa de Serantes* no século XVII. Ver embaixo.

37 ARG, RA, Preitos, 1407/14. *«Sobrado y San Martín de Porto con el capitán Juan de Vergara y consortes, sobre reivindicación por el lugar y casal de Cobas Radeyras en San Martín de Cobas»*. O foro inicial de Covarradeiras (*Cobas de Radeiras*, no documento orixinal) data do 24/05/1544, outorgado pola comunidade de Sobrado a Gómez Freire de Andrade, *vezino dela felegresía de San Salbador de Sarantes*.

38 Isabel Fernández era filla de Fernán Núñez, veciño de Pontedeume. Esta señora casou en tres ocasións. Con Gonzalo Tenreiro, veciño de Pontedeume, con Xoán Díaz e con Estevo Freire de Andrade. Tivo sucesión sobrevivente no primeiro e terceiro matrimonio. ARG, RA, Preitos, 12799/47.

39 ARG, RA, Preitos, 4695/19. Testamento outorgado en Ferrol o 08/01/1597, perante o escribán Francisco de Barxa.

40 Filla do fidalgo Pedro López Piñeiro e de Elvira Rodríguez de Mourelle de Aguiar. A Casa-Torre de Franza edificouse a comenzos do século XVI por Xoán Piñeiro de Naraío *o Crespo* e Sancha Núñez de Vilouzás, pais do citado Pedro López. Datos en, Gabriel Pita da Veiga y Goyanes, «Capillas de La Concepción: Maldonado – Pita da Veiga», en *Cátedra* nº. 13, Pontedeume, 2006.

41 Fillo de segundas nupcias do capitán Xoán Pita da Veiga e Piñeiro con María Ortiz de La Torre, neto do famoso heroe ferrolán da *batalla de Pavía* Alonso Pita da Veiga e de María García de Vilouzás.

42 No mesmo testamento de 1690, don Pedro recoñece que tivera unha filla *«exspurea»* chamada dona Petronila Montenegro, xa defunta polo entón, que casara con Antonio Freire (ou Fernández) de Esteiro, veciño de Cedeira, do cal matrimonio semella non houbo sucesión.

43 ACNC, Protº. 258/34/1690/Ferrol/Cobas Mosquera, Ignacio.



INCITACIÓN

En el muro quedaron los tatuajes del juego,
el tiempo me conmina pero no me doblego,
siento a pesar de todo brutal desasosiego
y el código de agobios lo dejo para luego.

Antes de que el crepúsculo en noche se convierta,
y se duerma la calle y se entorne la puerta
a solas con mi pobre madurez inexperta,
quiero que mi demanda se encuentre con tu oferta.

No es bueno que la astucia me busque a la deriva
como si el amor fuera sólo una tentativa
y ya que ahora asombras a mi alma votiva,
confío en que asombrado tu cuerpo me reciba.

Nos consta que el presente es breve y es impuro,
pero cuando los torsos celebren su conjuro
y llamen nuestros ojos cual brasas en lo oscuro,
sólo entonces sabremos cómo será el futuro.

Aspiro a que tu suerte de nuevo me rescate
del frío y de la sombra..... del tedio y el combate,
la gloria nos espera sola en su escaparate
mientras tú y yo probamos la sal y el disparate.

Sola en su desafío nos espera la gloria
y con su habilidad veterana y suasoria
entre nosotros borra la línea divisoria
y nuestros pies se buscan para empezar la historia.

MASS MEDIA

De los medios de comunicación
en este mundo tan codificado
con internet y otras navegaciones
yo sigo prefiriendo
el viejo beso artesanal
que desde siempre comunica tanto

NO TE SALVES

No te quedes inmóvil
al borde del camino
no congeles el júbilo
no quieras con desgana
no te salves ahora
ni nunca
no te salves
no te llenes de calma
no reserves del mundo
sólo un rincón tranquilo
no dejes caer los párpados
pesados como juicios
no te quedes sin labios
no te duermas sin sueño
no te pienses sin sangre
no te juzgues sin tiempo

pero si
pese a todo
no puedes evitarlo
y congelas el júbilo
y quieres con desgana
y te salvas ahora
y te llenas de calma
y reservas del mundo
sólo un rincón tranquilo
y dejas caer los párpados
pesados como juicios
y te secas sin labios
y te duermes sin sueño
y te piensas sin sangre
y te juzgas sin tiempo
y te quedas inmóvil
al borde del camino
y te salvas
entonces
no te quedes conmigo.

PAUSA

De vez en cuando hay que hacer
una pausa
contemplarse a sí mismo
sin la fruición cotidiana
examinar el pasado
rubro por rubro
etapa por etapa
baldosa por baldosa
y no llorarse las mentiras
sino cantarse las verdades.

Mario Benedetti



TE QUIERO

Tus manos son mi caricia
mis acordes cotidianos
te quiero porque tus manos
trabajan por la justicia

si te quiero es porque sos
mi amor mi cómplice y todo
y en la calle codo a codo
somos mucho más que dos

tus ojos son mi conjuro
contra la mala jornada
te quiero por tu mirada
que mira y siembra futuro

tu boca que es tuya y mía
tu boca no se equivoca
te quiero porque tu boca
sabe gritar rebeldía

si te quiero es porque sos
mi amor mi cómplice y todo
y en la calle codo a codo
somos mucho más que dos

y por tu rostro sincero
y tu paso vagabundo
y tu llanto por el mundo
porque sos pueblo te quiero

y porque amor no es aureola
ni cándida moraleja
y porque somos pareja
que sabe que no está sola

te quiero en mi paraíso
es decir que en mi país
la gente viva feliz
aunque no tenga permiso

si te quiero es porque sos
mi amor mi cómplice y todo
y en la calle codo a codo
somos mucho más que dos.

Mario Benedetti

A PESCA (Pastoral)

Agarimantes cóxegas, moxenas
no teimoso cristal, bulinte espello
dos vimios confidentes pola beira.
Sobro de nós, dondo silenzo, o ceio.

O paixe foi, seu pulo e bris de prata,
un istante no tempo de ar e rede;
dempois, nota e puñal, fendeu as augas,
arrepío de luz na linfa verde.

Como ispido na forza do seu arco,
lanzal teu corpo, sen ferir a area,
sortíuse con lediza de venablo
para o cachón das augas balbordeiras.

Eu témero de ti, cos teus alentos
na aperta da fondura entebrecidos,
funte buscar nos arcos medoñentos
onde amolece o sol en mornos limos.

Tremantes de tolicie, prata e riso
o peixe e ti, nos verdes solagados,
xa as guirlandas da morte en rodopío,
foron a dar nas redes dos meus brazos.

Eduardo Blanco Amor

"Tratado de Kioto I"
Javier Arcenillas (Alcobendas – Madrid)
1º PREMIO CERTAME FOTOGRAFIA MEDIO AMBIENTE 2009



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org